

VACÚN DE CARNE. A pésima xestión da Xunta pon ao sector contra as cordas ▶ 5

FAUNA SALVAXE. Os lobos comezan a facer inviable a gandería en varias comarcas ▶ 12-13



Xulia Alonso, voceira da Plataforma de Afectad@s pola Hepatite C
“Na Galiza podería estar afectada pola hepatite C o 2% da poboación, unhas 40.000 persoas” ▶ 15

FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLI - Nº 306 - Xaneiro/Febrero 2015

O SLG ESIXE A REACCIÓN DE MEDIO RURAL ANTE A DIFÍCIL SITUACIÓN DO SECTOR LÁCTEO



Máis de cen gandeiros e gandeiras das principais comarcas produtoras galegas, na asemblea convocada polo SLG en Castro (imaxe superior), acordaron darlle un toque de atención a unha Consellaría de Medio Rural que segue de brazos cruzados diante dunha depreciación do leite inasumible para o meirande das explotacións e da inminente fin do sistema de cotas. Mentres que as diversas administracións esgrimen o paquete lácteo como solución a estes problemas, nós denunciámolos, tanto a través de roldas de prensa (á dereita) como en audiencias da Comisión Europea, o seu patente fracaso. ▶ 2, 6, 7 e 19



Entrevista a Xoán Carlos Carreira e Emilio Carral, autores de “O pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa”

▶ 8 e 9

GANDERÍA INDUSTRIAL.

As granxas de Coren colocan á comarca da Limia ao borde do colapso ecolóxico ▶ 10 e 11

AVISOS. Comezan os trámites para as axudas da PAC e abriuse o prazo de inscrición no Encontro de Mulleres ▶ 21 e 22




Rosa Quintana e a Orquestra do Titanic

A Wallace Hartley Band era unha orquestra formada por oito músicos que amenizaba a vida a bordo do Titanic. Cando o celeberrimo transatlántico bateu fatidicamente contra un iceberg na noite do 14 ao 15 de abril de 1912, a orquestra tomou a decisión de seguir tocando para tentar calmar á aterrorizada pasaxe, en troques de tentar salvarse. Esa decisión, custaríalles a vida.

A anécdota vén a conto porque o transatlántico que é o sector lácteo galego, tras décadas de singradura capeando os peores trebóns e marusías, acaba de enxergar ao lonxe o que semella ser un iceberg xusto no medio e medio da súa rota. Máis alá de que o Titanic se afundise en abril, que é o mes no que remata o sistema de cotas, o certo é que hai moitos anos que non confluían tantas adversidades que ameazan con botar a pique o noso sector lácteo. A maiores da desregulación total do mercado, que é o principal perigo ao que nos temos enfrontado dende a entrada no Mercado Común, o agravio comparativo que sofre Galiza na cuestión dos prezos é vergoñento: mentres que en todo o Estado o prezo do leite sobe, experimentando unha tímida recuperación dende outubro, na Galiza non parou de baixar, situando á maioría das nosas explotacións por baixo dos 30 céntimos, e cun diferencial de 3 céntimos con respecto ás outras comunidades que menos cobran. E para pór a guinda, unha máis que probable supertaxa por excedernos da cota asignada (información polo miúdo nas páxinas 6 e 7 deste Fouce).

Nun sector que, desgraciadamente, está afeito a sufrir crises cíclicas de prezos e que non é a primeira vez que se enfronta a unha supertaxa, o que máis sorprendeu da actual conxuntura na asemblea de gandeiros e gandeiras que celebrou o Sindicato Labrego Galego en Castro, é que na Consellaría de Medio Rural estean de brazos cruzados sen facer absolutamente nada.



Resulta indignante que a única solución á que recorre o departamento de Rosa Quintana unha e outra vez sexa a do paquete lácteo e, en especial, a de asinar contratos por 1 ano. ¿É preciso explicarlle á conselleira que asinar contratos por un ano cos prezos actuais para unha explotación é o mesmo que asinar a súa sentenza de morte? Que granxa pode resistir un ano enteiro cobrando prezos inferiores aos 30 céntimos por litro, por baixo dos custes de produción? E indo máis alá, ¿cales son os plans da Consellaría de Medio Rural diante

da inminente fin do sistema de cotas, o previsible exceso de produción e o afundimento dos prezos que propiciará? Pensan facer algo para tentar manter a flote as 10.000 explotacións que aínda sobreviven no noso país? Pensan facer algo para que a próxima xubilación do 40% dos activos agrarios do noso país teñan relevo xeracional? No caso de non corrixirse as políticas actuais poderían pechar miles de explotacións no noso país. Realmente, ¿pensa a Consellaría de Medio Rural seguir de brazos cruzados?

O iceberg está ben á vista e, aínda que vai ser moi difícil mudar o rumbo do barco, aínda estamos a tempo de tomar medidas para minimizar os danos ou para salvar o meirande da pasaxe. Dende o Sindicato Labrego Galego esiximos á conselleira de Medio Rural, Rosa Quintana, e a todo o seu equipo, que esperten da súa parálise e convoquen urxentemente a Mesa do Leite. Hai demasiados e moi importantes problemas e retos aos que o sector lácteo galego debe enfrontarse e non podemos deixar o futuro do principal motor económico do noso medio rural nas fauces dun mercado desregulado que, se non facemos nada, arruinará definitivamente o que debería ser un dos referentes da nosa economía e do noso agro. Non queremos orquestras que fagan menos amargo o afundimento. Non queremos encantadores de serpes a asubiar melodías inútiles como a do paquete lácteo. O que queremos é que as 10.000 granxas que continúan en activo non pechen, que se asegure a súa continuidade e o relevo xeracional nelas e, para iso, cómpre actuar xa.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN

Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN

Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:

Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN

Isabel Vilalba, Margarida Prieto, Daniel Rodicio, Lara Barros, Vera Cruz Montoto, Antonio Villarino e Belén Ledo.

PECHE DE EDICIÓN 23-02-2015**ENDEREZO**

Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

DEPÓSITO LEGAL C-749/88

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 986 718 526

Polas fillas dos nosos fillos

por Isabel Vilalba Seivane, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego

“Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma” Castelao

Somos moitos e moitas as que sentimos o orgullo de falar galego, de poder expresarnos na lingua que herdamos das nosas avoas e dos nosos avós. Sentimos o orgullo de transmitirlles ás novas xeracións o amor pola terra, pola cultura e polo idioma propio, memoria viva da historia do noso pobo. A afirmación na identidade é a nosa contribución á diversidade cultural, á pluralidade e á creación dun mundo cheo de maravillosas e variadas formas de facer, de sentir e de pensar.

Ultimamente vemos continuos desprezos á nosa lingua, dos mesmos que din que o futuro é deixarlles as terras ás grandes multinacionais mineiras ou ás empresas que plantan eucaliptos para Ence, que desaparecemos ou que hipotequemos as nosas vidas para ter grandes granxas industriais de coellos, polos, vacas..., para que a industria de turno e a gran distribución teñan materias primas baratas; eliminar o medio de vida de miles de persoas, as nosas paisaxes, o noso xeito de vida... Bo para quen?

Este 8 de febreiro, co lema Polas fillas dos nosos fillos, 25.000 persoas convocadas pola Plataforma Queremos galego denunciaremos as políticas lingüísticas da Xunta de Galicia, e manifestamos nas rúas de Compostela o noso compromiso para manter a lin-

“Ultimamente vemos continuos desprezos á nosa lingua, dos mesmos que din que o futuro é deixarlles as terras ás grandes multinacionais mineiras ou ás empresas que plantan eucaliptos para Ence, que desaparecemos ou que hipotequemos as nosas vidas para ter grandes granxas industriais de coellos, para que a industria de turno e a gran distribución teñan materia prima barata; eliminar o medio de vida de miles de persoas, as nosas paisaxes, o noso medio de vida... Bo para quen?”

gua que nos une cada día, e transmitírllela ás nenas e aos nenos, reivindicando o respecto aos nosos dereitos e que se cumpra o acordado por unanimidade no Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega. Defender o galego dende as xeracións máis novas é defendermos o futuro de Galicia.

Cada ano sementamos, nomeamos: xermes, rexotas, brochos, grilos, gameitos, nacedoiros, anovos, abrochos, fillos, xemas, renovos, bochos, rebentos, grelos, bieitos, ollos, xenos, broches, xotas, botas, carolos, bertóns, gallos, botóns... Co galego somos quen de construír e de expresar unha inmensa variedade de formas de vida nova.

Temos un inxente patrimonio colectivo e acreditamos nun futuro en positivo como pobo, na nosa lingua e vivindo plenamente na nosa cultura, un mañá que non se pode construír dende o complexo senón dende o orgullo de ser o que somos. Afincados no galego como lingua propia, valoramos tamén as posibilidades de comunicarnos con 250 millóns de falantes de lugares dos cinco continentes como Portugal, Brasil, Angola, Cabo Verde, Mozambique... O galego suma, nunca resta.

Dende o poder político débese traballar apoiando o ben común e, neste caso, un dos maiores sinais de identidade que temos como pobo, mais, aínda que isto nalgún momento non sexa así, milleiros de falantes, de sempre e nov@s falantes, imos ter nas nosas mans a certeza de garantir “mil primaveras máis para a lingua galega”.



APICULTURA ▶ O meirande deles concéntranse na Mariña, lucense, Ortegal, comarca de Betanzos e Baixo Miño

Case 1.000 niños de avespa asiática atopados na Galiza no ano 2014

Na nosa terra, detectáronse casos de actividade destes insectos durante o inverno, época na que morren de frío noutros países como Francia


Semella que a avespa velutina, máis coñecida como avespa asiática, estase a instalar con comodidade na Galiza segundo se desprende dos datos facilitados pola Consellaría de Medio Rural.

En efecto, no ano 2014 detectáronse 946 niños desta especie, dos cales foron retirados e destruídos 576, ficando 374 por resultar inaccesibles. Por provincias, o meirande deles foron localizados no norte da provincia de Lugo (623), estando o resto na Coruña (129), Pontevedra (193) e Ourense (1). A proliferación deste insecto estase a converter en praga: hai concellos nos que se teñen detectado 3 niños en 2013, para pasar a contabilizar 80 en 2014.

Cómpre salientar que a retirada e destrución de niños de avespa velutina só pode ser realizada por persoal especializado debido á súa perigosidade: ademais de estar situados a grande altura, o que fai necesario o uso de pértegas especiais; o aguillón da velutina pode traspasar os traxes protectores convencionais que se utilizan en apicultura para traballar coas abellas. Non debemos esquecer que nos ataques desta avespa xa causaron unha morte na Galiza o ano pasado no concello de Cuntis. En caso de detección, é necesario avisar ao concello ou chamar aos teléfonos de información da Xunta (012) ou de Asociación Galega de Apicultura (981 508 142). A afiliación do Sindicato Labrego Galego ta-

mén pode pasar polas nosas oficinas comarcais para solicitar información ao respecto.

Unha das cuestións que máis preocupan ao sector apícola galego en relación coa velutina é a boa adaptación que está a demostrar ao noso clima. Mentres que en Francia se constatou que no inverno estas avespas morrían cando as raíñas invernan, na Galiza detectáronse enxames que non cesaron a súa actividade nos meses máis fríos en municipios costeiros como Oleiros ou Sada, o cal pode favorecer que no noso territorio esta especie se reproduza e estenda con maior efectividade e celeridade que noutros países máis septentrionais.



Nas zonas máis escuras do mapa detectáronse máis de cinco niños por concello. Corresponden ás comarcas da Mariña, Ortegal, Betanzos e Baixo Miño

AGA coordina institucións, colectivos e axentes sociais no control da praga

O 14 de xaneiro, a Asociación Galega de Apicultura (AGA) organizou un encontro en Ortigueira para tentar coordinar diversas institucións, colectivos e axentes sociais na loita contra a avespa velutina. Ademais de representantes de concellos como O Vicedo, Alfoz, Xove, Cedeira, Ares, As Pontes, A Capela, Narón, Cariño, Valdovíño, Ortigueira e San Sadurniño; tamén participou o Sindicato Labrego Galego, que estivo representado pola súa secretaria xeral, Isabel Vilalba Seivane.

Neste encontro, acordouse:

- 1.- Esixirlle á Xunta unha dotación suficiente ao servizo 012 para a retirada dos niños avistados de avespa velutina que, segundo a maioría das persoas asistentes, resultou altamente insatisfactorio en 2014, tanto en medios coma en eficacia.
- 2.- Os concellos presentes comprometéronse a adquirir un equipo mínimo de intervención inmediata, como pértegas con subministro de insecticida para eliminar niños, sobre todo en lugares onde haxa risco para a poboación.
- 3.- Realizar unha campaña intensiva de información sobre a colocación de trampas, tanto no

outono (outubro e novembro) coma na primavera (de febreiro a abril), para capturar raíñas e así evitar que fagan niños: cada raíña capturada supón un niño menos. Nesta campaña poderían colaborar distintos estamentos: Xunta, concellos, asociacións de todo tipo, colexios etc. 4.- Tamén se elaborará un convenio tipo de colaboración para asinar entre AGA e os concellos con motivo de realizar distintas actividades para a vixilancia e control desta praga.

Finalmente, o encontro coa Consellaría de Medio Rural celebrouse o 19 de xaneiro, e a el asistiu a directora xeral de Producción Agropecuaria, Patricia Ulloa. Dende a Xunta, ofreceron distribuír 1.500 trampas atraentes para colocar na proximidade dos apiarios e capturar raíñas de velutina.

Tamén se falou da necesidade de dotar de medios ao persoal encargado de retirar os niños, con pértegas de 20 a 25 metros de altura coas que se poidan queimar os niños con fachos, ou exterminalos utilizando insecticida. Isto último é importante, pois dos 946 niños detectados, 374 non puideron ser destruídos por resultar inaccesibles debido á súa grande altura.

CARNE DE VACÚN ▶ A Dirección deste sector no Sindicato Labrego Galego mantivo un encontro en Vilalba o 3 de febreiro para falar das principais cuestións que lle afectan

A produción de carne de vacún contra as cordas pola mala xestión da Xunta

Os recortes nas axudas, a perda de fondos europeos ou os baixos prezos fan cada vez máis difícil a actividade profesional

A Dirección de Vacún de Carne do Sindicato Labrego Galego reuniuse en Vilalba, o 3 de febreiro, para tratar algún dos principais problemas e cuestións que afectan a este sector no noso país, como os prezos, a fauna salvaxe, a Lei de Montes, a nova PAC, a IXP Tenreira Galega ou o congreso sectorial deste sector que no Sindicato Labrego Galego celebraremos en 2015.

Sen dúbida, unha das cuestións que máis preocupa a este sector é a incerteza con respecto aos cartos das axudas agroambientais, que é a liña de subvencións que se creou para substituír o Contrato de Exploración Sustentable (CES).



A Dirección da Carne do SLG escolleu Vilalba como punto de encontro para analizar a actualidade do sector

Estas axudas agroambientais fináncianse cos cartos do Plan de Desenvolvemento Rural (PDR) 2014-2020 de Galiza; o

mesmo PDR que, recentemente, rexeitou a Comisión Europea polas graves deficiencias que presentaba. Así as cousas, aínda

que as axudas se van convocar en breve, farase sen que exista unha partida orzamentaria que as financie.

O último desaguizado da Consellaría de Medio Rural cústalle 5,9 millóns de euros do Feader a Galiza

Ademais de valorar negativamente a devolución do PDR 2014-2020, a Dirección de Vacún de Carne do SLG foi moi crítica coa mala xestión dos fondos europeos que está a levar a cabo a Consellaría de Medio Rural que, a finais de xaneiro, confirmou a perda de 5,9 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola para Desenvolvemento Rural (Feader) por non usalos a pesares das advertencias da Comisión Europea.

Por se non abundase, tamén haberá fortes recortes na contía dos cartos que poderá recibir cada explotación con respecto ao antigo CES. Aínda que as esixencias medioambientais e burocráticas van ser as mesmas, temos constancia de granxas que recibirán até 9.000 euros menos con respecto ao que cobraban no pasado a través do CES. Isto débese a que, co CES, podías acollerte a varias

liñas de axuda de xeito simultáneo; e agora, coas agroambientais, só podes pedir unha liña por sector á que só se poderán sumar as axudas que poden recibir as granxas con especies autóctonas en perigo de extinción.

Para que nos fagamos unha idea, unha explotación de vacún de carne de tamaño pequeno, cunhas 15 hectáreas de base territorial e unha cabana gandeira de 20 reses, podía cobrar co CES uns 3.000 euros, que se incrementaban até 6.000 se optaba por razas autóctonas en perigo de extinción. Agora, terá que conformarse cuns 2.000 euros por cumprir coas mesmas obrigas. Respecto desa carga burocrática, nesta ocasión haberá que apandar de novo co aconsellamento, que consiste na obriga da explotación en contratar unha entidade privada que supervise o cumprimento dos requisitos esi-

xidos polas axudas. No pasado, o CES incluía unha liña específica de axudas para financiar este particular, mais ignoramos se as agroambientais farán o mesmo. E é que, a día de hoxe, no sector seguimos completamente desinformados e desinformadas sobre estas axudas.

En palabras do responsable da Dirección da Carne do SLG, o gandeiro Xosé Luís López Galán, “co nivel de prezos actual, as granxas que seguimos activas sobrevivimos grazas ás subvencións, senón sería inviable, pois o valor ao que se pagan os becerros non cobre os custes de crialos. Moitos e moitas profesionais van termando até chegar á xubilación pero, con este panorama, en canto teñan os 65 anos pecharán e ninguén tomará o relevo. A pésima xestión da Xunta está abocando a este sector á desaparición”.

LEITE ▶ Máis dun cento de gandeiros e gandeiras do Sindicato Labrego Galego decidiron a posta en marcha de actos reivindicativos se a Administración segue sen reaccionar

O sector lácteo afúndese mentres Xunta e Ministerio seguen de brazos cruzados

O poder político non impulsa medidas para evitar que os prezos sigan caendo nin para paliar o impacto da fin das cotas

Nas últimas semanas, o Sindicato Labrego Galego desenvolveu unha intensa campaña para informar e recoller o sentir dun sector lácteo ao que cada vez se lle acumulan máis problemas. Dentro dese traballo, destacaron a asemblea organizada, o 11 de febreiro, nas instalacións do mercado gandeiro de Castro de Ribeiras de Lea, en Castro de Rei (Lugo) que xuntou a máis dun cento de produtores e produtoras. Nesta xuntanza, os gandeiros e gandeiras do SLG valoraron a necesidade de esixir da Consellaría de Medio Rural medidas urxentes de apoio ao sector lácteo. Ademais, de non producirse unha resposta da Administración, como a convocatoria da Mesa do Leite, adoptaron o compromiso de iniciar actos reivindicativos.

Dous días antes, o 9 de febreiro, o Sindicato Labrego ofrecía unha rolda de prensa na que a súa secretaria xeral, Isabel Vilalba Seivane, xunto ao coordinador dos Sectores Gandeiros, Xabier Gómez Santiso, explicaba que “vivimos un momento histórico para o sector lácteo, xa que en abril desaparece o sistema de cotas, temos problemas moi graves cos prezos e cos desaxustes entre a oferta e a demanda, e non se están a impulsar as ferramentas necesarias para solucionarlos. Neste contexto, é inadmisíbel que unha responsábel política como a directora xeral de Producción Agropecuaria, Patricia Ulloa, en vez de enfrontar a problemática diga que van agardar seis meses a ver que pasa”.



Un cento de gandeiros e gandeiras acudiron á asemblea do SLG en Castro para analizar os retos aos que se enfronta o sector lácteo

Medidas do paquete lácteo como contratos con prezos ruinosos agravan o problema

Precisamente, Patricia Ulloa participou tamén na audiencia pública do Parlamento Europeo sobre o paquete lácteo (ver páxina 19 deste Fouce), onde defendeu como medida estrela para o sector a obrigatoriedade de asinar contratos por un ano. Pero, no contexto actual, “todos e todas sabemos que os prezos do leite os impón unilateralmente a industria, sen que exista ningún sistema de mediación entre as empresas e as granxas, nin ningunha referencia de prezos na que se contemplan os custos de produción”, explicou Isabel Vilalba. “Asinar contratos que fixen prezos ruinosos non só non soluciona ningún problema, senón que os agrava e lles dá rango contractual. Por iso, cremos que poñer como solución as medidas do paquete lácteo é seguir enganando aos gandeiros e ás gandeiras. Neste senso, temos que criticar as falsas esperanzas que se están alimentando no sector, ao que se intenta convencer de falsidades como que a demanda de leite a nivel mundial vai en aumento e que hai un gran mercado potencial na exportación, algo totalmente falso que desmentiu o Departamento de Agricultura dos Es-

tados Unidos, que afirmou que a demanda de lácteos por parte de China ía caer un 5'6% no 2015; ou que non se sostén no actual contexto no que o veto ruso xa está a provocar excedentes”.

Para o SLG, a solución á actual conxuntura pasa por crear mecanismos que xestionen a produción e controlen o mercado, tal e como están a facer no Reino Unido, onde se van pór en marcha medidas de sanción contra prácticas de abuso das distribuidoras. Isto último contrasta coa actitude do Estado Español, onde o único que fixo o Ministerio de Agricultura foi redactar un código de boas prácticas de cumprimento voluntario, medida que, a día de hoxe, xa demostrou o seu absoluto fracaso.

“Están en perigo miles de explotacións galegas e todo o tecido económico e social que hai arredor delas”, advertiu a secretaria xeral do SLG, “polo que nos parece inaceptábel a actitude pasiva do Ministerio e da Consellaría, sobre todo cando temos ferramentas para apoiar o sector produtor, para apoiar a transformación do produto, e para crear leis que regulen o mercado”.

SEGUE ▶

O prezo do leite sobe dende outubro en todo o Estado, agás na Galiza, onde baixa

Os datos ofrecidos polo Fondo Español de Garantía Agraria (Fega) déronnos unha foto fixa da discriminación que sofre Galiza no mercado lácteo. Mentres que en todo o Estado o prezo medio do leite está a subir lixeiramente dende outubro, na Galiza seguiu caendo ao mesmo ritmo que dende xaneiro. Así, o prezo medio do leite na Galiza situouse en 31'9 céntimos, lonxe doutras comunidades da Cornixa Cantábrica coas que compartimos prezos semellantes, como Asturias (35'6 céntimos) ou Cantabria (34'1), que son as que lle seguen na parte baixa da lista; nos postos de cabeza, coma sempre, Navarra e Andalucía, onde o leite segue a cotizar preto dos 40 céntimos.

Coma sempre, o prezo medio da Galiza ten letra pequena, pois o 85% das explotacións, que son as que producen 300.000 quilos ou menos, tiveron en decembro un valor medio de 30 céntimos, que caeu a 28,95 céntimos nas granxas com menos de 100.000 quilos de cota.

En canto á cota láctea, decembro seguiu na mesma tónica, cunha produción total no que vai de campaña de 1.904.170 toneladas, o que supón un rebasamento de case 85.000 toneladas con respecto ao que levabamos producido en decembro de 2013. Iso supón o 40'5% do leite producido por riba de cota a nivel de Estado.

Por outra banda, dende Madrid decidiron non comezar a facer as retencións, tal e como afirmaron a finais de ano que farían, aínda que iso non significa que non vaia haber supertaxa. O Ministerio de Agricultura declarou que se está a controlar máis a produción de leite nos últimos meses e que as estimacións de rebasamento andarán entre o 0'3% (17.000 toneladas) e o 0'7% (43.000 toneladas). Esas estimacións contrastan cos datos de decembro do Fega, onde a comparación entre decembro de 2013 e decembro de 2014 dá un diferencial de 170.505 toneladas de rebasamento. Tampouco apuntan ao optimismo datos como que, no conxunto do Estado, en xaneiro de 2015, incrementouse o número de vacas en 13.177 reses con respecto a xaneiro de 2014.

FIN ■

SANIDADE ▶ Aparece un número inusualmente alto de casos positivos de tuberculose bovina que lembra ao acontecido hai un ano en Foz

A campaña de saneamento gandeiro en Lourenzá preocupa ao sector

Dende o SLG, pedimos estudos amplos para evitar prexuízos ás granxas por mor de falsos positivos

Nas explotacións gandeiras do concello de Lourenzá están aparecendo un número moi alto de animais que reaccionaron á proba da tuberculose bovina, o que está provocar unha fonda preocupación no conxunto do sector. Resulta difícil explicar este feito, tratándose de explotacións nas que non se ten producido ningún positivo nos últimos anos (nalgúns casos, nunca), nas que non se teñen mercado animais fóra, ou cuxas cabanas gandeiras non estiveron en contacto coas reses doutras explotacións infectadas.

Desde o Sindicato Labrego Galego vemos moitas si-

militudes co acontecido en Foz, hai un ano, onde tamén apareceron un número inusualmente alto de animais que reaccionaron coa proba e que foron diagnosticados como positivos, dos cales foron confirmados en laboratorio, posteriormente, só uns poucos casos.

Tamén queremos destacar feitos irregulares, como proceder ao saneamento seis meses despois de ter realizado o do ano pasado, cando o normal sería deixar pasar un ano entre campañas; ou que, nalgúns casos, a administración da tuberculina e a análise da reacción cutánea sexa realizada por unha única persoa, cando a Consellería de Medio Rural esixe que eses traballos os realice un equipo de, polo menos, dous profesionais.

O Sindicato Labrego Galego está a contactar coas

explotacións afectadas para ver como se está a desenvolver a campaña de vacinación e para saber das medidas que se están a tomar. Imos demandar de Medio Rural accións para que o saneamento se realice con garantías para as explotacións.

Cumpriría facer estudos en profundidade deste tema para evitar falsos positivos e prexuízos innecesarios para as explotacións. Alén da incerteza e da preocupación derivada da sospeita da saúde da cabana gandeira, as explotacións onde se marcan animais que reaccionan fican inmovilizadas, cando menos 45 días, até as seguintes análises, co que isto supón: restricións na saída de animais e permiso para enviar os xatos só para a uns poucos cebadeiros autorizados, coas conseguíntes perdas no prezo.

FRUTICULTURA ▶

Estará centrado nos labores de inverno

Novo curso de froiteiras na Mariña da man do SLG

O 21 de febreiro, comezou en Lourenzá, comarca da Mariña, un novo curso centrado na fruticultura. Desta vez, e durante catro xornadas, as persoas asistentes centrarán os seus estudos e prácticas nos labores propios do inverno como transplantes, podas, enxertos de púa, etc. Deste xeito, o Sindicato Labrego Galego da Mariña dá continuidade ao seu proxecto de recuperar



Os alumnos e alumnas volven contar co maxisterio de Ramiro Martínez

as froiteiras autóctonas desta comarca lucense e de formar o maior número de persoas posible para que practiquen o seu cultivo como xeito de conservar as

nosas castes de froita autóctonas e desenvolver unha actividade que, máis alá do autoconsumo, pode xerar ingresos extras nas explotacións da zona.

EMILIO CARRAL e XOÁN CARLOS CARREIRA ▶ Tras décadas de escoitar que o minifundio era unha das principais causas do atraso da Galiza labrega, agora resulta que pode ser unha vantaxe da nosa agricultura. Disto e moito máis falamos con Emilio Carral e Xoán Carlos Carreira, autores do libro *“O pequeno é grande”*

“Un modelo produtivo que se ille da base territorial é un suicidio”

✓ En Galiza, levamos décadas desmantelando o modelo agrícola tradicional e escoitando que a agricultura que practicaban os nosos avós e as nosas avoas non era eficaz nin rendible. Ao final, ¿non era certo?

▶ **Xoán Carlos Carreira (XC):** Historicamente, non é certo. A agricultura tradicional e minifundista galega foi moi eficiente e produtiva durante os séculos XVIII, XIX e comezos do XX. Só a partir da Guerra Civil, e coa chegada dun novo modelo agrario, ficou á marxe. Así e todo, segue a ser moi produtiva.

▶ **Emilio Carral (EC):** Non só é produtiva. Tamén é moi equilibrada co territorio dende o punto de vista ambiental, polo seu tamaño e pola súa relación co ámbito forestal. A agricultura tradicional sempre estivo moi relacionada co monte, de onde se traía o toxo para facer o esterco, esa materia orgánica que é tan necesaria para termos un solo non só produtivo, senón tamén saudable e que manteña a fauna edáfica. A agricultura labrega mantiña unha relación de simbiose entre o espazo agrícola e a explotación forestal. Agora fálase moito da multifuncionalidade do monte, algo que nós xa tiñamos inventado.

✓ Un dos sinais de identidade do desmantelamento da agricultura tradicional foi a concentración parcelaria. Tras ter concentrado miles de hectáreas na Galiza, gastar inxentes cantidades de

cartos públicos e escoitar, por activa e por pasiva, que minifundio é igual a atraso ¿que balance facedes? Estamos mellor ou peor que antes?

▶ **XC:** Houbo sitios onde a concentración parcelaria puido resultar positiva, pero dende unha perspectiva global non produciu cambios substanciais no sistema produtivo nin no agro a pesares do enorme investimento realizado. Isto foi así, fundamentalmente, porque a concentración parcelaria non aumentaba a base territorial das explotacións e porque o seu obxectivo foi adaptar o territorio á maquinaria agrícola en troques de buscar as máquinas axeitadas para xestionar o territorio que tiñamos.

▶ **EC:** Ademais, a concentración parcelaria, no meirande dos casos, quedou nun simple exercicio de agrimensura. É dicir: medir e repartir. E isto non funcionou na Galiza, entre outros motivos, porque o noso territorio non está adaptado para ese tipo de grandes con-

centracións por ser moi diverso. Nunha mesma parroquia, por exemplo pode haber solos con distintas propiedades ou dispoñibilidades de auga; daquela, tentar que cada veciño leve un anaco de parcela que sexa axeitado para os distintos tipos de cultivo, é imposible.

Ademais, tampouco se tivo en conta a estrutura social. Hai estudos que revelan que, tras facer a concentración parcelaria, o que se facía principalmente nesas terras era reforestalas. O que debería ser un reordenamento do territorio para aumentar a base territorial das explotacións, acabou propiciando que a xente, tras abandonar a actividade agrícola e ter tódalas terras xuntas, se atopase con moita facilidade para reforestar, un efecto totalmente contradictorio coas fins perseguidas.


✓ Isto explicaría que Galiza sexa un dos países de Europa con menor superficie agraria útil. ¿Non é un fracaso que, tras gastar o que levamos gastado en concentracións parcelarias, chegásemos á actual situación na que moitas explotacións en activo teñen serios problemas de acceso á terra?

▶ **EC:** Pola nosa orografía, non nos podemos comparar con outros países ou comunidades no que se refire a superficie agraria útil. Se por riba, se fomen-

tou a forestación de terras agrarias, chegamos ao paradoxo de que agora se fan praderías en pendente a 1.500 metros de altitude, ao tempo que terras con vocación agrícola se plantan con piñeiros e eucaliptos. Andamos ao revés. As praderías no monte son máis difíciles de xestionar polo difícil acceso á auga e a dificultade de traballar en pendente.

▶ **XC:** Se queremos aumentar a base territorial das explotacións, a concentración parcelaria non vale de nada. Ordena a superficie que tes, pero non aumenta esa base territorial. Creo que se trata dun problema de mobilidade de terras, de conseguir que a xente que non a traballa a poña a disposición de quen a queira traballar. Fíxose moi pouco fincapé na cuestión da mobilidade das terras, nuns arrendamentos que faciliten o acceso á terra das explotacións.

▶ **EC:** Está claro. Se ti tiñas dous ferrados de terra, coa concentración acabarías tendo un pouco menos polas cesións ás masas comúns. Por se non abondase, a concentración parcelaria xerou graves problemas coa valoración das fincas, que non tiñan en conta elementos que facían unhas máis valiosas ca outras. Se ti tiñas que ceder unha chousa con carballos de 300 anos, tiñas dúas opcións: ou chegar a un acordo co novo propietario para que che pagase eses carballos ou, en caso contrario, pinchalos antes de regalalos.



Xoán Carlos Carreira (Lugo, 1956) é doutor enxeñeiro agrónomo e profesor de Enxeñería Agroforestal na Universidade de Santiago de Compostela; tamén foi director da Escola Politécnica Superior de Lugo e da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Forestal. Xoán Carlos formou parte dos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) e foi un dos impulsores do Sindicato Labrego Galego

“Trala desaparición das cotas, Galiza pode quedar con 800 granxas de leite”

✓ **Miles de familias labregas, especialmente no sector lácteo, levan anos hipotecándose para medrar porque as conquenceron de que para competir hai que ser máis grandes. ¿Como explicarlles a elas que o pequeno é grande?**

► **XC:** Explicalo é difícil, pero a propia experiencia llelo vai demostrar. Por exemplo, cos datos recompilados por Claudio López Garrido e Fernando Barbeito en Abegondo nun grupo de explotacións durante os últimos dez anos, demostrouse que a máxima eficiencia e produtividade atópase nas granxas entre 70 e 80 cabezas de gando. Eu creo que calquera explotación que desborde a capacidade de atención que poida prestar a man de obra da familia é un problema. Ir por ese camiño nos leva a explotacións demasiado grandes que van depender moito do mercado, xa que basean o seu beneficio en producir grandes cantidades de leite cun mínimo beneficio por litro. Neste tipo de granxas, calquera variación nos prezos do leite ou dos pensos pode ter un grande impacto e levalas á ruína.

► **EC:** En efecto, trátase de granxas que non controlan os seus medios de produción, xa que non teñen suficiente base territorial para producir o alimento do gando, polo que van a ser moi dependentes dos prezos dos pensos. Ao estar moi mecanizadas, tamén van depender moito do prezo do gasóleo.

✓ **Ademais, este tipo de grandes explotacións teñen custes engadidos, como os ambientais, que non computan na súa contabilidade.**

► **EC:** En efecto. Son as externalidades negativas. No prezo

final do produto debería contemplarse custes como o procesamento ou tratado dos refugалlos, como xa teñen a obriga de facer outro tipo de empresas. Iso, ao final, pagámolo todos.

► **XC:** Nun modelo produtivo como o que estamos a comentar, as vantaxes comparativas das que se poden beneficiar as nosas granxas na Galiza, desaparecen. Se non dependes da base territorial que tes, ¿por que tes que montar a explotación na Galiza? ¿Por que non montala, directamente, a carón do centro de consumo ou a carón da fábrica para minimizar os custes de transporte, por exemplo? Un modelo produtivo que se ille da base territorial é un suicidio, pois é un modelo no que perdes todas as vantaxes comparativas que tes.

► **EC:** Está claro. Nun modelo dese tipo, o mellor lugar para montar a explotación sería nun polígono industrial.

✓ **Como vedes o futuro desas 10.000 explotacións lácteas que aínda sobreviven no país diante da fin inminente do sistema de cotas?**

► **EC:** Segundo din os expertos no sector leiteiro, trala desaparición do sistema de cotas poderían quedar na Galiza entre 800 e 1.000 explotacións cun tamaño bastante grande.

► **XC:** O futuro depende de moitas cousas. Creo que para Galiza, a desaparición das cotas e da regulación do mercado é un serio problema que deberemos afrontar e, en efecto, supoño que acelerará a desaparición de explotacións.

✓ **Cada vez hai máis xente convencida de que a agricultura a pequena escala e a agroecoloxía son o futuro se queremos**

facер sostible a produción de alimentos e camiñar cara a horizontes de soberanía alimentaria. Sen embargo, ¿non credes que a inercia do actual sistema fai moi difícil avances nesa dirección?

► **XC:** Si, é certo, pero estamos afeitos a vencer dificultades na Galiza. A vantaxe que temos é que aínda conservamos unha rede de comercialización local moi potente, con exemplos destacados como a praza de abastos de Compostela, a de Lugo ou mercados como o de Padrón ou Betanzos. Tamén segue predominando un sistema produtivo que, aínda que non é agroecolóxico dende un punto de vista ideal, se lle asemella moito. Penso que temos unha boa base para mudar de dirección. O problema é que non existe apoio político para dar esa viraxe.

► **EC:** Eu creo que estamos nun punto de inflexión no que aínda estamos a tempo de apostar por ese modelo agroecolóxico ou ir cara á desaparición total do sistema agrario tradicional. Concorro con Xoán Carlos en ser optimista.

Temos unha rede social moi importante no campo. Sen ela, este xeito de comercialización directa non se tería dado.

O que está claro é que se non hai apoio administrativo como o que se lle dá a outros sectores, entón será moi complicado; o apoio dunhas políticas agrarias axeitadas é fundamental.

✓ **Pero, ¿como reverter o modelo agrario dominante cun medio rural despoboado, coas terras agrarias contaminadas ou invadidas de eucalipto, e con boa parte dos e das profesionais da agricultura e da clase política convencidos de que o modelo intensivo é o único camiño posible?**

► **XC:** Eu creo que o primeiro e fundamental é termos un modelo, un obxectivo. Sabemos o que non queremos, pero aínda non temos claro o que queremos. En segundo lugar, cómpre pelexar por ese modelo. Creo que sería moi importante crear un movemento social transversal, que abranguese tamén aos partidos políticos e ao conxunto da sociedade que fose quen de crear opinión nesta liña.

► **EC:** Temos un bo exemplo disto nun país nada sospeitoso para a oficialidade como son os Estados Unidos. Alí, existe un movemento que promove com-

patibilizar a grande agricultura industrial coa existencia de pequenas explotacións familiares. Trátase dun movemento transversal que abrangue labregos e labregas e diversos axentes sociais, como as universidades.

Emilio Carral (Antas de Ulla, 1962) é doutor en Ciencias Biolóxicas e profesor da área de Ecoloxía na Universidade de Santiago de Compostela; tamén foi subdirector e director en funcións da Escola Politécnica Superior de Lugo. Emilio Carral ten publicado numerosos artigos científicos e divulgativos sobre residuos agroindustriais, polución, metais pesados, nutrientes, control ambiental, bioindicación, especies protexidas, xestión ambiental e biodiversidade.



MODELO INTENSIVO ▶ Un estudo do Centro Superior de Estudos Científicos confirma a intensa contaminación do río Limia por vertidos de orixe agrogandeira

A gandería industrial de Coren sitúa A Limia ao borde do colapso ecolóxico

Só a macro-complexo gandeiro de Pedra Alta xera os refugалlos que produciría unha cidade de 46.000 habitantes

A finais de 2014, un equipo do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC) constataba o que xa teñen denunciado en numerosas ocasións colectivos como a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) ou o Movemento Ecoloxista da Limia (MEL): que o río Limia sofre unha intensa contaminación debida a vertidos de orixe agrogandeira. Científicos do CSIC denunciaron que se trata dunha contaminación tan evidente que mesmo se pode ver dende imaxes da tomadas por satélite, nas que se aprecia a cor verde das augas destacada con respecto ao entorno.

Dende o CSIC non se atrevéron a sinalar culpábeis, pois din que se trata dunha contaminación “difusa”, o cal complica a determinación da súa orixe. Non opinan o mesmo a SGHN e o MEL, que apuntan directamente á gandería industrial e intensiva de Coren. Estudos realizados pola SGHN sinalan como zona cero desta contaminación o macro-complexo gandeiro de Coren en Pedra Alta, constituído por 28 granxas cunha capacidade total para ter 300.000 polos e 5.000 porcos, e criar cada ano 1.650.000 aves e 15.000 ranchos. Cunha carga gandeira de 2.250 UGM, esta macro-instalación de gandería industrial equivale por si soa, en canto a produción de excrementos, a unha poboación de máis de 46.000 persoas, é dicir, unha cifra 23 veces maior que os habitantes de todos os pobos existentes augas arriba.



Só o macro-complexo gandeiro de Coren en Pedra Alta produce os mesmos refugалlos que unha cidade con 46.000 habitantes

Unha carga gandeira de 75.000 UGM e 650.000 toneladas de excrementos e zurros

O encoro das Conchas é un bo indicador de como evolucionou a contaminación do río Limia. Segundo explica a SGHN, este encoro construíuse en 1949 e, durante 40 anos, tivo as súas augas limpas a pesares de recibir refugалlos dunha poboación o dobre de grande que a actual. Foi a partir de 1989, cunha poboación humana reducida nun 40% con respecto a 1950 e cando se comezou a disparar a gandería industrial da zona, cando as augas do Limia comezaron a ser contaminadas. As estimacións da SGHN apuntan a que Coren traballa cunha carga gandeira total, na actualidade, de 75.000 unidades de gando maior (UGM) que, en produción de refugалlos, equivalen a unha poboación de 1.500.000 persoas, é dicir, á metade da poboación de Galiza; o problema é que eses excrementos e zurros estanse a depositar ou verter no 1% do noso territorio. Trátase dun modelo de produción irracional que alimenta o

gando a base de pensos e concentrados e, en troques de producir cereais ou forraxes, utiliza a terra só para verter ou depositar os refugалlos da actividade gandeira.

De pouco serviron os 22 millóns de euros investidos por Coren e Caixa Galicia nunha planta de tratamento de zurros e produción de electricidade en Sarreaus. Con capacidade para procesar 120.000 toneladas de excrementos por ano, non dá feito fronte ás 650.000 que producen as granxas de Coren. Así, moreas de centos de toneladas de excrementos acumúlanse sen ningún tratamento no exterior e, cando chove, as augas filtranse polos refugалlos e botan lixiviados contaminantes cargados, probablemente, cos antibióticos e as hormonas que lle administran ao gando. O outro destino dos zurros é a súa almacenaxe en balsas insuficientes ou o seu vertido directo na terra. **SEGUE ▶**

“As máis das terras da Limia son sumidoiros dos zurros de Coren e non hai un só pozo con auga potable”

A finais do ano pasado, pouco antes de que o CSIC publicase o seu informe, o Movemento Ecoloxista da Limia (MEL) presentaba unha denuncia diante da fiscalía para que investigue as orixes da contaminación da Limia, ademais de formular unha queixa diante do Valedor do Pobo por abandono de funcións das consellarías responsables, e de pór estes feitos en coñecemento da Comisión Europea.

Precisamente, na viaxe que realizamos ao Parlamento Europeo numerosos colectivos da Galiza invitados por Lidia Senra para debater estratexias contra o acaparamento de terras, tivemos ocasión de escoitar estas denuncias a través dun integrante do MEL, Xosé Manuel García, que nos explicou que “as granxas de Coren non teñen balsas suficientemente grandes para almacenar os zurros até podelos usar como abono na época máis axeitada do ano. Coren proporciona asesoramento, infraestrutura e fornecemento de insumos para producir ás súas granxas, pero desenténdese da xestión de residuos, deixándoa en mans das propias explotacións”.

O problema deste modelo gandeiro intensivo e industrial é que está a contaminar os ríos e os solos dos que viven e nos que viven miles de persoas e nos que moitas granxas tentan seguir un modelo de produción sostible en base á terra e á alimentación natural do gando e a cultivos como a pataca e o cereal. “Hoxe en día”, denunciou Xosé Manuel, “o meirande das terras da Limia son sumidoiros dos zurros de Coren e non hai un só pozo con auga potable. De feito, é necesario furar a máis de 70 metros de profundidade para atopar auga sen contaminar. A xente está a perder a paciencia e estamos ao borde do colapso”.

FIN ■



Xosé Manuel Parente (esquerda) e Salvador Fernández representaron ao Sindicato Labrego Galego na xuntanza das organizacións agrarias coa Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) para falar das relacións comerciais no sector vitícola

LEI DA CADEA ALIMENTARIA ▶ A Axencia de Información e Control Alimentarios poderá inspeccionar e sancionar a quen tarde máis de trinta días en pagar a uva

O SLG pon á AICA ao corrente das malas prácticas comerciais das adegas

O sector vitivinícola, con pagos a máis dun ano sen prezo, pode ser un dos máis afectados polos controis deste organismo

O pasado 6 de xaneiro, o Consello de Ministros aprobaba o réxime de control para a actividade inspectora da Axencia de Información e Control Alimentarios (AICA) co que se regulará o traballo deste ente encargado de velar polo cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria.

Previamente, altos cargos da AICA mantiveron diversos encontros con representantes de sectores produtivos de cara a orientar o seu traballo, como o levado a cabo co vitícola en Pontevedra o 16 de decembro. A esta xuntanza acudiron Salvador Fernández e Xosé Manuel Parente, por parte do Sindicato Labrego Galego; o director técnico da Unidade de Seguimento da Cadea Alimentaria, Sergio Prieto; e o xefe territorial de Medio Rural en Pontevedra, Miguel Dubois, entre outros.

Explica Salvador Fernández, coordinador do SLG no Baixo Miño, que “a finalidade da reunión era informarnos do funcionamento do AICA e, ao mesmo tempo, o propio AICA quería coñecer de primeira man a valoración dos sindicatos agrarios no tocante ao sector do viño, contratos de compravenda, prazos de pagamento, etc. En resume, querían coñecer a fondo a situación actual do sector. Tanto Salvador Fernández como Xosé Manuel Parente denunciaron a violación xeneralizada da Lei da Cadea Alimentaria no sector vitícola galego, onde hai moitas adegas que levan a uva sen acordar previamente un prezo e poden chegar a tardar varios anos en pagar, cando a Lei obriga ao pagamento da uva no prazo máximo dun mes por tratarse dun alimento fresco e perecedeiro. Neste senso, cómpre lembrar que a Lei da Cadea Alimentaria considera infracción grave non pagar dentro dos prazos obrigatorios, o que pode ser sancionado con multas de até 100.000 euros.

Para Salvador, a posta en marcha da AICA é positiva “porque a súa finalidade é controlar e forzar a formalización de contratos de compravenda entre agricultores e agricultoras e a industria, así como velar polo cumprimento dos prazos de pago regulados por lei. Por tanto, é unha ferramenta moi útil para o cumprimento da lei vixente, con capacidade sancionadora sempre que existan denuncias, aínda que tamén pode actuar de oficio se lle proporcionan probas de malas prácticas e abusos”.

A aprobación do regulamento da AICA veu acompañado pola aprobación dunha norma que desenvolve a Lei da Cadea Alimentaria. Esta norma establece disposicións relativas ás boas prácticas na contratación alimentaria, ao Observatorio da Cadea Alimentaria ou aos laboratorios agroalimentarios para controis oficiais que dependan do Ministerio de Agricultura. Ademais, modifica a lei que regula as organizacións interprofesionais.

FAUNA SALVAXE ▶ Os recortes, unha burocracia moitas veces insalvable e esperas de até dous anos para cobrar afunden o Plan de Xestión do Lobo nun absoluto fracaso

Os lobos comezan a facer inviable a cría de gando en amplas zonas de Galiza

A forestación ilegal de agras favorece a aparición de fauna salvaxe a carón das casas e afasta o gando dos entornos protexidos

Os gandeiros e gandeiras de Galiza estanse a enfrontar a un problema crecente de ataques de lobos a reses que, en moitas zonas do país, fan case inviable a cría de gando. Boa parte da culpa tena a Consellaría de Medio Ambiente, cuxo Plano de Xestión do Lobo pode quedar moi bonito sobre o papel, pero está a resultar un auténtico fracaso na práctica. As indemnizacións insuficientes, unha excesiva burocracia e demoras inxustificables nos pagamentos -que poden tardar até dous anos-, están a acabar coa paciencia de moitas persoas cuxa actividade económica é o único que mantén habitadas e xestionadas amplas zonas do noso medio rural, especialmente as desfavorecidas e de montaña onde non é posible outro medio de vida.

Unha das moitas gandeiras que ten padecido ataques de lobos nos últimos anos é Concha Blanco Montecelos, cuxa loita e iniciativa levou esta problemática até o Parlamento de Galicia. Concha rexenta unha cooperativa gandeira xunto a outras dúas persoas socias na parroquia de Condes, en Friol (Lugo). Crían vacas frisoas para producir leite e complementan con rubia para carne, todas en réxime ecolóxico. Ademais, están poñendo en marcha unha queixería. Un proxecto ilusionante e con futuro cunha década de andaina ás súas costas que, nas últimas semanas, se veu ensombrecido.

Hai un par de anos, o 29 de xaneiro de 2013, as vacas de Concha sufriron un ataque de



Unha das vacas frisoas que perdeu Concha Blanco na parroquia de Condes, en Friol (Lugo), tras un ataque dos lobos

lobos. Daquela, perdera unha xovenca frisoa de 22 meses que estaba preñada de 7. A pesares de ter reclamado por este ataque diante da Consellaría de Medio Ambiente en tempo e forma, non sería até o 15 de decembro de 2014, case dous anos despois, cando ingresou os 50 euros por mes de vida do animal que lle deron de indemnización. Concha andaba a preguntarse polos dous anos de lactación e os dous partos que lle tería dado a vaca morta nese tempo que tardou en cobrar cando, o 22 de decembro, a súa granxa sufría un segundo ataque. Desta vez, unha vaca de 4 anos preñada de 7 meses cun valor duns 1.600 euros.

“Nunca vira os lobos tan preto das casas, nin sequera cando era nena”

Con independencia do valor económico do animal, que normalmente non se compensa coa indemnización, as secuelas dun ataque van máis alá da perda de cartos. “Non teñen en conta a relación afectiva co animal”, quéixase Concha. “Cando crías ás vacas como nós as criamos, existe unha relación afectiva entre elas e nós. Se a xente lle ten cariño aos cans, que mesmo hai quen lles deixa herdanzas, imaxínate coas vacas. Eu tiven algunha que botou na explotación 25 anos. Esta última que me mataron chamábase Luana”.

O problema dos ataques dos lobos vai en aumento, polo que puido constatar Concha falando coa veciñanza. “Eu nunca vira lobos tan preto das casas, nin sequera cando era nena, do mesmo xeito que non se vían porcos teixos nin xabarís”. Respecto ás causas, esta gandeira de Friol teno claro: “O principal motivo de que isto aconteza é que nos trouxeron o monte a carón das casas ao permitir a forestación ilegal de terras agrarias e o abandono do rural. A raíz da problemática do lobo está en que non existe unha xestión do territorio”. **SEGUE ▶**

Por que dan 24 horas para notificar un ataque e tardan 2 anos en pagar?

Como a morte da Luana cadrou polo Nadal, houbo moitos problemas para que viñesen recoller o cadáver. “Tivemos que ir ás 6 da mañá por ela, a 8 quilómetros da granxa, para levala a un lugar accesible para o camión de recollida entre as 8 e as 8:30, porque senón quedaba para despois das festas. Como se nos meteu o 25 de decembro polo medio, que era festivo, o 26 tiven que ir facer unha acta á oficina agraria para xustificar que o animal morto era o mesmo que recolleron o 24. Despois, por riba, levar os papeis a Lugo”.

En canto aos prazos para reclamar, Concha considéraos insuficientes. “Agora, tes 24 horas para notificar o ataque e 45 días para achegar a documentación e solicitar a indemnización. Teño falado con xente que cría cabalos no monte, e din que con eses prazos é imposible, pois cando tes o gando ceibo non vas velo tódolos días. Sorpréndeme tantos requisitos que nos obrigan a cumprir aos labregos e labregas, e as case nulas obrigas da Administración cos prazos de pagamento. Obríganme a notificar en 24 horas e solicitar en 45 días; mais eu, como afectada, ¿non podo esixir que me indemnicen nun prazo razoable? Por que me dan 45 días para xustificar o ataque se despois tardan dous anos en pagar?”

Farta de que nin a Consellaría de Medio Rural nin a de Medio Ambiente fagan nada por solucionar o problema, Concha comezou a contactar coas institucións para denunciálo. Fíxoo diante do alcalde de Friol, e conseguiu que unha comitiva encabezada polo deputado do BNG, Cosme Pombo, se reunise con ela e outras granxas damnificadas para levar esta cuestión ao Parlamento de Galicia. “Hai xente que lembra a época na que o remedio que che daban en Extensión Agraria para controlar os ataques dos lobos era a estricnina. A min hai veciños que me recomendan que faga algo parecido, pero non estou de acordo. Non podemos permitir que os fallos na xestión do lobo por parte dunha Consellaría de Medio Ambiente desaparecida nos leven a iso. Non pode ser que nos fagan delinquentes a quen non o somos. Ao final, os labregos e as labregas estamos mantendo aos lobos co noso gando, pero ¿quen mira por nós, que tamén estamos en perigo de extinción?” **SEGUE ▶**

Medio ambiente reduciu á metade o orzamento para compensar os danos

As últimas estatísticas das que temos constancia, informan de 1.227 reses atacadas por lobos en 2013. Evidentemente, estas cifras non reflicten unha realidade na que moitos ataques non se denuncian porque a xente non se quere enfrontar aos gastos e aos requisitos burocráticos que esixen dende Medio Ambiente. Concha falábanos do caso duns criadores de cabalos en Carballo que, con vinte cabezas de gando, nos últimos sete anos non deron criado nin un poldro. “Teñen o problema engadido”, explicounos Concha, “de que, ao estar no monte, os lobos non deixan restos dos poldros, polo que non poden probar a súa morte; neste caso, estes criadores de cabalos só deron cobrado 1 indemnización en todos estes anos e, para iso, foron só 200 euros”.

A pesares de non reflectir a realidade, coas estatísticas de medio ambiente sabemos que os lobos atacan todo tipo de gando, aínda que o maior número de ataques recae no sector ovino e no vacún. Por bisbaras, unha das máis afectadas é o Macizo Central de Ourense. Precisamente, dende o SLG recibimos a denuncia dun ataque na parroquia de Escuadro (Maceda) a finais de 2014. A vítima foi un xato de 250 quilos da explotación de Juan Francisco González Álvarez que se ía vender en poucos días por un prezo de 1.200 euros.

O ataque produciuse a plena luz do día e a pesares de que Juan Francisco tomara unha morea de medidas de prevención. En efecto, tras padecer ataques varias veces ao ano, Juan Francisco decidiu deixar aos xatos máis pequenos estabulados nas cortes xunto coas nais para evitar máis mortes, co custe engadido que isto lle supón ao ter que darlles suplementos de herba e cereais. Ademais, tódalas fincas onde ten o gando están cercadas e protexidas con pastor eléctrico, e os animais pacen fóra só polo día, durmindo nas cortes pola noite. Mais todas estas medidas seguen sen abondar para frear unha sangría que leva ao límite a súa profesión de gandeiro. Cada ano, Juan Francisco sofre a perda de 3 ou 4 animais e comeza a estar tamén farto.

✓ Cómpren máis orzamento e celeridade para compensar os danos

Dende o SLG denunciámos, unha vez máis, que as políticas da Xunta, por acción ou omisión, están a meter nunha calella sen saída a moitas explotacións de gando, o meirande en zonas desfavorecidas que viron recortados recursos importantes para elas como as indemnizacións compensatorias (ICM) ou as axudas á cría de razas autóctonas.



Do xato de Juan Francisco González pouco máis quedaron que os ósos e o pelexo tras ser devorado polos lobos a plena luz do día en Escuadro (Maceda)

Os ataques dos lobos agravan esta situación xa crítica, pois a única vía de compensación que ofrece a Xunta son unhas axudas ridículas e cuns atrasos intolerables no pagamento. Se a Xunta de Galicia realmente quere que explotacións como a de Concha ou Juan Francisco sigan desenvolvendo a súa actividade contra vento e marea, ao tempo que garanten a conservación de especies salvaxes coma o lobo, debería axustar as indemnizacións ao valor real dos animais mortos e abonar os cartos no prazo máximo dun mes, amais de reducir significativamente os gastos e obrigas burocráticas de todo este proceso. E, para iso, é preciso que se financie suficientemente as axudas para paliar os danos producidos polo lobo, pois pasamos dun orzamento de 200.000 euros no pasado -xa daquela insuficientes- aos 100.000 euros da actualidade.

Tamén debería a Consellaría de Medio Ambiente realizar estudos para determinar se existe superpoboación de lobos nas comarcas onde se concentran o maior número de ataques, pois a veciñanza afectada está a constatar que o aumento destes carnívoros desprazou as poboacións de xabarís e corzos de moitas zonas da nosa xeografía, producíndose fortes desequilibrios na cadea trófica que explican o aumento, día a día, dos ataques sobre o gando, que xa se están a producir con preocupante frecuencia en núcleos habitados e a plena luz do día. Sen eses estudos -o último censo dos lobos na Galiza data de 2003- dificilmente poderemos levar a cabo ningún Plan de Xestión do Lobo no noso país. **FIN ■**

FICHA INFORMATIVA

AS AXUDAS DA PAC

Unha das principais novidades das axudas da Política Agraria Común (PAC) é que, este ano, vanse pedir xunto coas axudas agroambientais que, como no pasado, precisan aconsellamento. A diferenza doutros anos, as axudas agroambientais non van ser un Contrato de Explotación Sostible (CES) e tampouco van ser compatibles entre si as dis-

tintas liñas, agás a de cría de razas autóctonas en perigo de extinción. Tampouco sabemos, a día de hoxe, se vai haber unha liña de axudas específica para financiar o aconsellamento. Polo demais, rematou o pago único. Agora, vai haber varios pagos para cada dereito:

PAGO BÁSICO

O número de dereitos asignados en 2015 será igual ao número de hectáreas declaradas en 2013, ou en 2015 se fose menor e xustificado.

Para establecer os pagos de cada explotación terase en conta o cobrado en 2014, que será co que se calcule a "mochila", que se dividirá entre o número de dereitos previa aplicación dunha porcentaxe de redución (non todo vai ao Pago Básico).

Cada dereito xérase nunha rexión, non pode cambiar de rexión e ten que converxer cara o pago medio desa rexión de aquí a 2019. Nesa converxencia ningunha explotación pode perder máis do 30 % do que cobraba co Pago Único, e tense que parecer ao pago medio da rexión polo menos no 60 % (exactamente a converxencia ten que corrixir polo menos un terzo da diferenza entre o pago individual e o 90 % do pago medio da rexión).

AXUDAS DIRECTAS

PAGO VERDE (*Greening*)

É unha porcentaxe do pago básico que se acada ao cumprir certas condicións agroambientais:

- ✓ Pastos permanentes.
- ✓ Diversificación de cultivos sobre terra arable:
 - ▶ Se ten entre 10 e 30 hectáreas, ten que ter, como mínimo, dous cultivos. Ningún debe ocupar máis do 75% da terra arable.
 - ▶ Se ten máis de 30 hectáreas, ten que ter 3 cultivos, ningún con máis do 75% da superficie; entre os dous maioritarios non poden pasar do 95%.
- ✓ Deberán dedicar a áreas de interese ecolóxico o 5% da terra arable.
- ✓ Se a granxa dedica o 75% da superficie total declarada á produción de forraxes tería acceso automático ao Pago Verde.

PAGO PARA XENTE NOVA

Será un pago por dereito nos cinco primeiros anos despois da incorporación, sempre e cando non pasen dos 40 anos de idade.

PAGOS ACOPLADOS EN GANDERÍA

- ✓ **Vacún de carne:** para vacas presentes na granxa o 1 de xaneiro, o 30 de abril e dúas datas máis entre esas. Deberán ter parido nos últimos 20 meses. Xovencas 15%.
- ✓ **Vacún de leite:** para vacas presentes na explotación o 1 de xaneiro, o 30 de abril e dúas datas máis entre esas. As 75 primeiras de cada UTA cobrarán o 100% do que lles toque e o resto o 50 % desa cantidade
- ✓ **Ovino e cabrún:** polas cabezas que teñan a 1 de xaneiro. hai que xustificar fertilidade como mínimo de 0,4 anos/cabuxos por cada ovella/cabra.
- ✓ **Cebo de vacún:** cobrarán becerros/as sacrificados entre 6 e 24 meses. Deberán ter estado na granxa os tres últimos meses

AGROAMBIENTE E CLIMA

✓ **Apicultura para a mellora da diversidade en zonas con limitacións naturais.** 12 € / colmea situada en zonas con limitacións naturais. Máximo de 80 colmeas por apiario.

✓ **Razas autóctonas en perigo de extinción.** 175 € / UGM.

✓ **Manexo sostible de pastos.**

- ▶ Mínimo de 10 Ha de superficie forraxeira indemnizable.
- ▶ Carga: 0,70-2,00 UGM / Ha.
- ▶ Manter a superficie comprometida durante 5 anos.

✓ **Xestión sostible de pastos.**

- ▶ Superficie de millo e outros cultivos forraxeiros será igual ou menor do 20% da superficie forraxeira da explotación.
- ▶ O pastoreo ocupará máis do 70% da superficie de prados e pastos permanentes.
- ▶ 130 € / Ha de S.I. agás PR/PA (39 €/Ha)

AXUDAS AGROAMBIENTAIS

✓ **Extensificación de vacún de leite.**

- ▶ As UGM que corresponden aos animais con máis de 12 meses de vacún de leite serán polo menos o 70% do total das UGM da explotación.
- ▶ Superficie de millo e outros cultivos forraxeiros será igual ou menor do 25% da superficie forraxeira da explotación.
- ▶ O pastoreo ocupará polo menos o 50% da superficie dos prados da explotación
- ▶ 180 € / Ha de superficie indemnizable.

PRODUCCIÓN INTEGRADA

✓ Ter como mínimo 2 hectáreas de cultivos nas que se practique a produción integrada de acordo coa normativa vixente.

Axudas:

- ▶ Horta aire libre: 285 € / Ha
- ▶ Horta baixo plástico: 545 €/Ha
- ▶ Pataca: 155 € / Ha
- ▶ Kiwi: 145 € / Ha
- ▶ Viñedo para vinificar: 435 €/Ha

AGRICULTURA ECOLÓXICA (AE)

✓ **Conversión á AE**

- ▶ Cultivos herbáceos: 259 €/Ha
- ▶ Froiteiras (pebida e óso): 397 €/Ha
- ▶ Outras froiteiras (castiñeiro, etc.): 178 €/Ha
- ▶ Horta aire libre: 483 €/Ha
- ▶ Horta baixo plástico: 600 €/Ha
- ▶ Viñedo para vinificación: 900 €/Ha
- ▶ Prados e cultivos forraxeiros: 345 €/Ha
- ▶ Pastos arbustivos e pastos de arboredo: 103,50 €/Ha
- ▶ Apicultura: 35 €/Ha

✓ **Mantemento AE**

- ▶ Cultivos herbáceos: 225 €/Ha
- ▶ Froiteiras (pebida e óso): 345 €/Ha
- ▶ Outras froiteiras (castiñeiro, etc.): 155 €/Ha
- ▶ Horta aire libre: 420 €/Ha
- ▶ Horta baixo plástico: 575 €/Ha
- ▶ Viñedo para vinificación: 790 €/Ha
- ▶ Prados e cultivos forraxeiros: 300 €/Ha
- ▶ Pastos arbustivos e pastos de arboredo: 90 €/Ha
- ▶ Apicultura: 30 €/Ha

ZONAS CON LIMITACIÓNS

Quedan excluídos 10 concellos: Arteixo, A Baña, Cabana de Bergantiños, Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Santa Comba, Val do Dubra, Vimianzo e Zas.

- ▶ Zonas de montaña.
- ▶ Zonas distintas de montaña.

Xulia Alonso ▶ Voceira da Plataforma de Afectados e Afectadas pola Hepatite C

Os recortes matan. Unha frase feita para un tempo de crise que, no caso das persoas afectadas pola hepatite C, é unha realidade letal dende hai uns meses. Calcúlase que cada día morren no Estado unhas doce persoas por esta doenza que ten tratamento efectivo pero demasiado caro para un goberno que non dubida en taxar cun prezo as nosas vidas.

“En Galiza podería haber 40.000 persoas afectadas pola hepatite C”

✓ Que é a hepatite C?

É unha enfermidade vírica que afecta fundamentalmente ao fígado, destruindo o seu tecido e provocando lentamente o seu endurecemento.

✓ Como se enfrontan á enfermidade as persoas afectadas?

Recibir o diagnóstico dunha enfermidade grave e incurable sempre é difícil de encaixar, sexa cal sexa. Neste caso, a falta de síntomas propicia que o diagnóstico moitas veces chegue nun momento avanzado da doenza, o que o fai máis duro aínda. Desde o momento da infección até a fase máis avanzada da enfermidade, a cirrose, poden pasar entre 15 e 20 anos.

✓ Cantas persoas afectadas por hepatite C hai na Galiza?

Segundo distintas asociacións científicas, entre un 1,5% e un 2% da poboación podería estar afectada. Esa porcentaxe, na Galiza, supón máis de 40.000 persoas.

✓ Existe tratamento efectivo contra a enfermidade?

Dende xaneiro de 2013, logo da súa aprobación pola Axencia Europea do Medicamento, están dispoñibles novos fármacos antivirais de acción directa contra o VHC cunha probada eficacia. O primeiro foi o sofosbuvir (Sovaldi) en xaneiro, o simeprevir (Olysio) en marzo e en setembro o daclatasvir (Daklinza). En Galiza, máis de un ano despois, ter acceso a calquera combinación destes fármacos é máis un soño que unha realidade.

✓ Cal é a diferenza entre tratar a doenza cos novos fármacos ou tratala con outros?

Os novos fármacos permiten, combinados entre si, unha taxa de éxitos superior ao 95% a tra-

vés de tratamentos máis curtos (tres ou seis meses) e sen apenas efectos secundarios; fronte aos tratamentos convencionais de un ano de duración, alta taxa de fracaso e graves efectos secundarios.

✓ Cal é a actitude do Sergas en Galiza nesta problemática?

A incorporación dos novos fármacos ao Sistema Nacional de Saúde anunciouse en outubro de 2014, logo de longos meses de espera. A partir desa data, comezou un verdadeiro pesadelo para as persoas afectadas, pois os criterios marcados desde Madrid non permitían á maioría dos enfermos e enfermas o acceso aos medicamentos, mesmo os máis graves.

O goberno galego, malia ter plenas competencias en sanidade, aplicou eses criterios de forma máis restritiva. Moitas solicitudes cursadas polos médicos foron rexeitadas e, como reacción, comezaron as primeiras mobilizacións para denunciar este feito escandaloso e inédito ata o momento.

✓ Que efectos causa nas persoas afectadas esa longa espera até que lle administran o tratamento?

Padecer unha enfermidade incurable é unha situación moi dura emocionalmente. Saber que tes a posibilidade de curarte e non ter acceso aos medicamentos e, simplemente, angustiados. Engade un sufrimento enorme nunha situación de seu dolorosa.

✓ Cantas persoas puideron morrer por térselle negado os novos tratamentos?

Calcúlase que unhas 12 persoas morren cada día en España pola hepatite C.

✓ Que reivindicades dende a Plataforma de Afectados e Afectadas pola Hepatite C?

Por unha parte, que sexan os e as especialistas que nos tratan quen decidan que tratamento precisamos e cando. Cada caso é diferente e quen mellor pode valoralo é o/a profesional que o leva. Por outro lado, que nos dispensen os fármacos de maneira inmediata a través das farmacias dos hospitais públicos. Agora mesmo, as solicitudes fan un recorrido administrativo retorto que consume semanas, mesmo meses. No caso de que sexa aprobada, a medicación aínda tarda semanas en chegar.

En todo caso, o que denunciemos é o feito de que en España se tardaran meses en incorporalos ao catálogo da Seguridade Social, sen preparar durante ese tempo unha boa planificación para evitar o actual caos. Ese traballo estase a facer agora mentres nós seguimos agardando. Piden tempo cando saben que moitas persoas afectadas non o teñen.

✓ Que sentides ao saber que a Xunta si ten cartos para pagar 300.000 euros a Enrique Iglesias para gravar un videoclip en Galiza?

Indignación, como non pode ser doutro xeito, ao comprobar que a hepatite C non está entre as prioridades do noso goberno. O que os afectados pola hepatite C sentimos é unha profunda rabia, sabendo que os

medicamentos que nos poden curar están ao alcance da nosa man e a maioría das persoas que os precisan non os teñen. Moita dor, polas mortes que se poderían ter evitado durante estes catorce meses de espera. Medo, pola posibilidade da propia morte. Impotencia, ao comprobar que nesta loita bates contra un muro formado por persoas que, se supón, te representan. O traballo dos gobernos, precisamente, consiste en resolver problemas que afectan á cidadanía, non en crealos.



SANIDADE ▶ Participou nas manifestacións e na recollida de sinaturas

O SLG apoia a veciñanza de Muimenta na loita polo centro médico

O Sindicato Labrego Galego apoiou as demandas da veciñanza de Muimenta, que leva varios meses cun centro de saúde en servizos mínimos por mor das baixas da médica e da ATS, que non foron cubertas dende a Consellaría de Sanidade. Para expresar este apoio, a coordinadora comarcal do SLG na Terra Chá, Margarida Prieto, asistiu á asemblea veciñal convocada o pasado 2 de febreiro. Tamén participamos como organización nas manifestacións convocadas pola veciñanza en Muimenta, o 5 de febreiro, e diante do Edificio Administrativo da Xunta, en Lugo, o 20 de febreiro. Ademais, o Sindicato Labrego Galego colaborou na recollida de sinaturas para reclamar que o centro médico de Muimenta restableza os seus horarios de atención normais.

Esta non é a primeira vez que o Sindicato Labrego critica o recorte de servizos sanitarios na Terra Chá. Dende o ano 2008, por exemplo, o SLG vén denunciando o desmantelamento da atención xinecolóxica no Punto de Atención Continuada (PAC) de Vilalba, que se ten traducido en casos de mulleres que servían na obriga de agardar até tres anos para coñecer o seu diagnóstico tras unha primeira consulta e unhas probas e en listas de espera para consultas superiores a un ano; ou na anulación de citas no mesmo centro por carecer de especialistas que as puidesen atender. Estes son casos que demostran a falla de compromiso co medio rural, que sempre é o primeiro en sufrir recortes en todo tipo de servizos, algo que, dende o SLG, non estamos dispostos nin dispostas a tolerar.

MINARÍA SALVAXE ▶ A Confederación Hidrográfica sanciona o uso agrario das augas do Teixido na parroquia de Vilavella por ser de uso exclusivo da canteira

10.000 € de multa por regar con auga do “río de Cementos Cosmos” en Triacastela

A industria cementeira segue a súa campaña de acoso á veciñanza denunciando as persoas críticas coa súa actividade

A finais de xaneiro, comezaron a chegar as primeiras sancións a familias labregas da parroquia de Vilavella (Triacastela) por utilizar as augas do río Teixido para usos agrarios. Trátase de “sancións leves” que poden ascender até os 10.000 euros por utilizar as augas do Teixido para regar leiras riberás como se fixo xeración tras xeración dende tempo inmemorial.

Deste xeito, nun país onde un labrego que transporte leña no seu tractor é considerado un delincuente e sancionan aos gandeiros e ás gandeiras pola bosta das vacas, asistimos a un novo esperpento no que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil agasalla a unha canteira co uso exclusivo dun río: o Teixido. É que o río Teixido semella ser propiedade de Cementos Cosmos por concesión administrativa, esa mesma empresa que foi denunciada en varias ocasións por coutar e destruír tramos do seu leito, por realizar sen autorización verquidos contaminantes nas súas augas, por usurpar o dominio público hidráulico ou por facer captacións ilegais de mananciais, sen que, a día de hoxe, fose sancionada. Resulta denigrante, ademais, que sexa o Ministerio de Agricultura quen sancione e quen se poña na banda dunha canteira para ameazar e multar familias labregas no desempeño da súa profesión.

Diante destes feitos, o Sindicato Labrego Galego expresou a súa solidariedade cos habitantes de Vilavella que están aturando as tropelías coas que esta cementeira, coa complicidade da administración pública, pre-

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE
REGISTRO DE SALIDA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL
COMISARIA DE AGUAS

OFICIO

SREF. [redacted]
NREF. [redacted]
FECHA [redacted]
ASUNTO: PLIEGO DE CARGOS

Expediente sancionador incoado contra [redacted]

Acordada por la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, el 30/12/2014 la incoación de expediente sancionador contra [redacted] como consecuencia de la denuncia realizada por la Dirección General de la Guardia Civil (Seprona de Monforte) y Cementos Cosmos, S.A. el 05/08/2014, se formula el presente pliego de cargos por los siguientes fundamentos:

HECHOS: "Derivación de aguas del arroyo Teixido, sin la concesión administrativa previa de este Organismo de cuenca, para el riego de la parcela [redacted] del polígono [redacted] en el lugar de Vilavella, parroquia de Vilavella", en el término municipal de Triacastela (Lugo).

PRECEPTOS INFRINGIDOS: Artículo 59 de la Ley de Aguas (Texto Refundido aprobado por el Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio; B.O.E. de 24 de julio). Artículo 93 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico (R.D.P.H.) aprobado por Real Decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. de 30 de abril), modificado por, entre otros, los Reales Decretos 606/2003 de 23 de mayo (B.O.E. de 6 de junio), 367/2010 de 26 de marzo (B.O.E. de 27 de marzo) y 670/2013 de 6 de septiembre (B.O.E. de 21 de septiembre)

TIPO DE INFRACCIÓN: Artículo 116.3. b) de la Ley de Aguas. INFRACCIÓN LEVE: Artículo 315.m) del R.D.P.H.

SANCION APLICABLE: Hasta 10.000,00 Euros. Artículo 117.1 de la Ley de Aguas, modificado por el Real Decreto-Ley 17/2012, de 4 de mayo, de Medidas Urgentes en Materia del Medio Ambiente (B.O.E. de 5 de mayo de 2012).

Sancións como esta lles están a chegar aos veciños e veciñas de Vilavella en base ás denuncias do Seprona e Cementos Cosmos por regar sen concesión previa

tende socavar a moral de quen se opón á súa nefasta e destrutora actividade mineira na zona. Dende o SLG, puxémonos en contacto coa veciñanza de Vilavella para ofrecerlle o apoio dos nosos servizos xurídicos. Ademais, pedímoslle explicacións á Confederación Hidrográfica Miño-Sil sobre a dobre rapadoira utilizada á hora de velar pola conservación e bo uso dos nosos recursos hídricos, unha dobre rapadoira que lle fai mirar cara a outra banda diante da actividade destrutora de Cementos Cosmos e, ao mesmo tempo, negar o uso agrario das augas do Teixido ás familias labregas que as veñen usando de xeito respectuoso e sostible dende hai séculos para producir alimentos.

O caso de Cementos Cosmos en Triacastela é un claro exemplo de como as diversas administracións -Concello, Xunta e Estado- actúan como cómplices dunha empresa contra os intereses da veciñanza, obviando os atropelos e ilegalidades da primeira e actuando como implacable xuíz e xendarme contra a segunda. Un claro exemplo, tamén, da influencia que exerce a cativa industria mineira sobre os poderes públicos, que lle elaboran leis favorables á súa actividade e deixan indefensas profesións como a labrega, que é a que realmente crea riqueza, mantén miles de postos de traballo permanentes no medio rural, e a única que garante un campo habitado e un territorio estruturado.

IMPOSTOS ▶ As persoas propietarias de inmobles que non estean no Catastro, terán que pagar 60 euros de taxas por cada un, máis a Contribución dos últimos catro anos

As revisións catastrais ameazan a economía das familias do medio rural

A elevada valoración de naves e construcións de uso agrario pode deixar á mocidade sen acceso a becas para estudar

O Ministerio de Facenda dará, neste 2015, un paso de xigante na revisión catastral en Galiza. Se en 2014 se puxeron ao día unha vintena de concellos, no presente ano farano 99, unha mínima parte dos 1.668 municipios nos que se revisarán os valores catastrais en todo o Estado.

Este proceso de revisión catastral non só vai actualizar os valores e as medidas dos inmobles rexistrados, senón que dará de alta miles que están sen rexistrar. E aí entrarán todo tipo de construcións das que abundan no medio rural: dende naves de gando, até calquera tipo de corte, pasando por pendellos, garaxes, terrazas, etc.

Afectará isto ao peto das persoas propietarias dos inmobles? Abofé que si. Ás novas altas no rexistro do Catastro se lles aplicará unha taxa de regularización de 60 euros. Pero a cousa non queda aí. Trátase dun proceso que pode saír carísimo, segundo as circunstancias. Para ilustralo, imos facelo co caso de Chantada. No pasado verán, neste municipio lucense, iniciouse o proceso de revisión catastral coa medición de tódalas vivendas, inmobles e instalacións do municipio, especialmente no medio rural, onde adoita a haber máis sen regularizar. Nestas medicións, tamén se incluíron as plantas baixas de moitas casas que só tiñan declarada como vivenda o andar superior, xa que o de abaixo utilízano como garaxe, almacén e mesmo corte para animais.

</

Unha das moitas revisións catastrais que están a afectar ás granxas. Neste caso, unha nave gandeira á que se lle asigna un valor catastral de 194.532 €. Se lle aplicamos o 0'4% do IBI, que é o que cobran neste municipio, terá que pagar 800 € anuais só deste imposto; se o concello lle cobra o IBI dos últimos catro anos, tal e como di a lei, daquela esta explotación terá que pagar 3.200 € de IBI só en 2015.

Foi en Nadal cando se enviaron as cartas coas novas valoracións e altas dende a Xerencia Territorial do Catastro en Lugo. Segundo puidemos saber no Sindicato Labrego Galego, mandáronse unhas 5.000 misivas

que, nos casos que puidemos coñecer, dispararon o valor catastral dos inmobles até límites inasumíbeis.

Por exemplo, coñecemos o caso dunha nave para o gando de pouco máis de 1.000 metros

á que lle deron un valor catastral de 92.000 euros; estas cortes pasaron de non pagar nada, pois non estaban rexistradas no Catastro, a ter que abonar, a partir de agora, o 0'4% como Imposto de Bens Inmobles (IBI) ou Contribución, o que supón 370 euros. Pero a cousa non queda aí, pois a lei autoriza aos concellos a cobrar o IBI dos últimos catro anos aos inmobles ou instalacións que estivesen sen regularizar. É dicir, esta familia podería ter que pagarlle ao Concello de Chantada 1.480 euros polas cortes.

Outra das consecuencias destas revisións catastrais é que moitas familias quedarán agora sen becas para os seus fillos e as súas fillas, xa que estas axudas denéganse se tes inmobles rústicos cuxo valor supere os 13.000 euros por unidade familiar. É dicir, que unha parella que teña 5 fillos e fillas e unha nave para o gando como a do exemplo citado, non tería dereito a becas.

Un caso real: 540 euros só en taxas e 36 facturas de IBI novas sen contar en 2015

Máis alá do evidente afán recadador do Goberno, a revisión catastral estase a converter nun fabuloso negocio para unhas arcas públicas ávidas de diñeiro fresco. A nosa coordinadora comarcal en Chantada, Belén Ledo, explica que “cada carta enviada coa revisión catastral, inclúe unha taxa de regularización de 60 euros. Se a proporción é a mesma que nos casos que xestionamos nesta oficina, ao redor dunhas 500 cartas corresponderán a actualizacións do valor de inmobles xa catastrados, polo que non pagarán taxas. Pero as outras 4.500, correspondentes a altas de inmobles que non figuraban no Catastro, si terán que pagar. Se lle aplicamos esta taxa de 60 euros a cada unha desas 4.500 cartas, o Goberno tería recadado 270.000 euros só en Chantada. Por se non abundase, temos constancia de

persoas ás que lle chegaron até 9 cartas de altas, polo que terán que pagar só de taxas 540 euros e, posteriormente, os impostos que corresponda. Ese caso particular poderíase enfrontar a 36 facturas de IBI dunha soa vez”.

E Chantada só foi un dos 1.668 municipios nos que o Ministerio de Facenda ten intención de realizar a revisión catastral neste 2015. En total, están afectados máis de 7 millóns de inmobles en todo o Estado. Aínda que os cálculos oficiais falan de que na Galiza se farán unhas 100.000 notificacións nos 99 concellos afectados, os datos de Chantada apuntan a que esa cifra será moito máis alta. O plan do Ministerio de Facenda é realizar esta revisión catastral en 7.595 concellos do Estado até 2016; en total, 78 millóns de inmobles e parcelas rústicas.



VIOLENCIA ▶ Continxentes armados dispararon con armas de groso calibre contra o inmobile o pasado 26 de xaneiro

A sede da Vía Campesina en Honduras sofre o seu segundo atentado

Responsabilizan directamente ao Goberno da República de estar detrás desta agresión e da producida no ano 2009

O pasado 26 de xaneiro, continxentes armados dispararon unha trintena de tiros de groso calibre contra a sede da Vía Campesina en Tegucigalpa (Honduras). Non é a primeira vez que lles acontece un suceso destas características ás nosas compañeiras e aos nosos compañeiros de Honduras, que xa sufriron un atentado semellante no contexto do golpe de estado do ano 2009.

A loita da Vía Campesina en Honduras por unha reforma agraria integral, pola soberanía alimentaria, polo desenvolvemento rural ou pola equidade de xénero, bate de fronte contra os intereses da clase política e terratenente. O último episodio deste desencontro produciuse coa oposición da Vía Campesina hondureña á creación dunha Policía Militar con rango constitucional, un corpo “vinculado con casos de violacións dos dereitos humanos”, segundo denuncian. De feito, os nosos compañeiros e as nosas compa-

ñeiras de Honduras non dubidaron á hora de “responsabilizar ao Goberno da República polos disparos e danos realizados nas súas oficinas, ademais de futuros actos en contra da vida de empregados, dirixentes labregos e coordinadores da Vía Campesina”.

Nun comunicado emitido a raíz do atentado, a Vía Campesina de Honduras reclamou unha profunda investigación da fiscalía para determinar e castigar aos responsables directos destes actos, pedindo especial protección da vida de líderes labregos e labregas baixo ameaza e, en especial, para Rafael Alegría (na imaxe) e a súa familia, referente da loita labrega que ten sido un dos membros fundadores da Vía Campesina e o seu primeiro voceiro e coordinador. Na actualidade, Rafael Alegría compaxina as súas responsabilidades como coordinador da Vía Campesina en Centroamérica e Honduras, coa de deputado de Libertad y Refundación (Libre), partido co que tentou promover unha Lei de Reforma Agraria Integral con Equidade de Xénero para a Soberanía Alimentaria e o Desenvolvemento Social, o que lle ten costado agresións e malleiras da policía.

LIBRE COMERCIO ▶ As corporacións poderían influír na redacción das leis antes que os propios parlamentos

A fórmula do TTIP para roubarnos a soberanía: a Comisión Reguladora

Tamén poderían bloquear calquera texto lexislativo nun estado ou na Unión Europea se contravén os intereses do comercio

Máis de 150 organizacións sociais europeas denunciaron a nova fórmula coa que a Comisión Europea pretende maquillar a cesión da nosa soberanía aos poderes económicos e financeiros a través do acordo de libre comercio cos Estados Unidos (TTIP): a cooperación reguladora.


Coa cooperación reguladora, segundo se puido saber grazas a filtracións das últimas xuntanzas negociadoras do TTIP, a Comisión Europea propón un sistema no que calquera norma ou lei do Parlamento Europeo ou de calquera estado deberán pasar, sistematicamente, un filtro de comercio e investimento. Ademais, se lles dará aos lobbies industriais (grupos privados de presión) “un poder sen precedentes sobre calquera nova regulamentación que puidese ter un impacto sobre actividades comerciais ou financeiras”.

Esta proposta daría tamén un enorme poder a un grupo de funcionarios e funcionarias nomeados a dedo que poderían paralizar ou debilitar calquera nova lei ou regulamento mesmo

antes de que fosen debatidos en institucións democráticas como os parlamentos. Para completar a proposta da Comisión Europea, crearíase un Organismo de Cooperación Reguladora cuxa función sería asesorar, informar previamente e influír sobre o desenvolvemento de novos textos lexislativos para que respecten o espírito do TTIP.

Segundo denuncian as organizacións sociais, “a Comisión Europea semella ter incorporada amplamente a demanda dos lobbies empresariais para coescribir as leis. A proposta da Comisión para a cooperación reguladora ameaza con debilitar as normas a curto e longo prazo nas dúas beiras do Atlántico, a escala dos estados federais americanos, da Unión Europea e dos seus estados membros. Limita o proceso democrático de toma de decisións, reforzando a influencia das grandes empresas sobre os regulamentos”.

Para ilustrar o impacto que tería esta cooperación reguladora, de aplicarse agora mesmo, podería atrasar ou bloquear o desenvolvemento de normas protectoras contra os pesticidas e outros produtos químicos; e podería abrir as portas á legalización gradual en Europa dos transxénicos, dos nanomateriais ou dos alteradores hormonais.



FORMACIÓN ▶ Xa comezaron as aulas en Compostela e Ordes e están en proceso de preparación cursos orientados a novas incorporacións nas comarcas da Limia e Deza

Ducias de mozos e mozas fórmanse no SLG para traballar na profesión agraria

Os sectores produtivos elixidos foron o lácteo para Ordes e Lalín, o hortícola para Compostela e o apícola para Xinzo

O curso de incorporación de xente nova á actividade agraria de Ordes e Compostela comezou en febreiro cunha vintena de alumnos e alumnas de ambas bisbarras que se formarán en todo tipo de cuestións relativas á xestión diaria dunha explotación, amais de facelo nas especialidades de leite e horta.

A maiores, a comarca do Deza está facendo os preparativos para iniciar un curso de idénticas características centrado no sector lácteo, ao tempo que na Limia desenvolverán dous módulos específicos para incorporar xente nova no sector da apicultura.

Trátase dunha actividade formativa moi completa, cunha duración de 250 horas, homologada pola Consellaría de Medio Rural e obrigatoria para quen queira solicitar as axudas de incorporación de xente nova á actividade agraria.



Unha vintena de mozos e mozas acuden ao curso de incorporación en Compostela

Diversos camiños para un mesmo destino

Javier Baluja "Terri"
Touro



Coa súa incorporación á agricultura, Javier vai dar unha viraxe de 180º á súa vida profesional. Do mundo da televisión pasará a rexentar unha horta ecolóxica. Con este cambio non só busca outro xeito de gañar o sustento, senón unha alternativa de vida. Agora, amais de aprender, precisa agardar a que o Banco de Terras lle conceda unhas fincas polas que leva un ano agardando a pesares de ser o único solicitante.

Silvia Rodríguez Suárez
Val do Dubra



Silvia xa se incorporara hai un ano como titular dunha explotación de vacún para producir carne, na que ten o apoio do seu compañeiro e a súa sogra. Agora fai este curso no que vai aprender que a profesión agraria ten tanto de andar entre papeis como de pisar a terra. Sen embargo, ela teno claro: arrenega das obrigas burocráticas, e o seu é estar coas 17 vacas da granxa, alimentalas, limpalas e darlles tódolos coidados que precisen.

Conchi Docampo
Vedra



Conchi parte da base dunha horta con 1.000 metros de invernadoiro, fincas ao aire libre e froiteiras. Quere incorporarse no sector da horta ecolóxica, con criterios como a sustentabilidade e a autosuficiencia. As súas intencións van máis alá do profesional, na busca "dun proxecto de vida no rural" no que é tan importante o oficio como acadar que quede tempo suficiente para dedicar á familia, "algo moi importante cando tes nenos pequenos".

Mónica Mariño Martínez
Ordes



No seu caso, Mónica quere dar relevo xeracional á profesión de seu pai e súa nai, que rexentan unha explotación de leite. "Gústame ese xeito de vida, o traballo, vivir no campo e ser responsable do meu propio negocio sen depender de ningún", di Mónica. Aínda que se fará cargo dunha granxa en activo, confesa que lle gustaría "ser creativa e facer algo diferente", polo que o curso de incorporación lle será útil para aprender cousas novas.

FEMINISMO ▶ Do 8 de marzo ao 17 de outubro, a Marcha Mundial das Mulleres realizará a súa IV Acción Internacional

Unha caravana para espallar feminismo de Kurdistán a Portugal

Con esta mobilización preténdese fomentar o intercambio de loitas, experiencias e estratexias das mulleres europeas

A Marcha Mundial das Mulleres iniciou, este 8 de marzo, unha caravana que, ao longo deste 2015, cruzará Europa para “unir a solidariedade e a forza dos movementos das mulleres no continente europeo” e “facér visíbeis as nosas loitas e resistencias políticas, económicas,

culturais e sociais dentro da IV Acción Internacional da Marcha Mundial das Mulleres”.

Esta caravana partiu do Kurdistán (Turquía), e cruzará o vello continente de leste a oeste e de norte a sur para rematar en Portugal o 17 de outubro, tras pasar por Galiza no mes de setembro. Durante o traxecto, organizaranse numerosos eventos feministas coincidindo co paso da caravana, e aproveitarase para establecer un diálogo no que, ademais de recoller memorias, prioridades e estratexias



A caravana organizada pola Marcha Mundial das Mulleres pasará por países como Turquía, Grecia, Bulgaria, Romanía, Hungría, Serbia, Bosnia, Croacia, Eslovenia, Austria, Polonia, Suíza, Francia, Alemaña, Italia, Bélxica, Euskadi ou Galiza.

en cada vila, cidade ou país por onde pase, tamén se informará sobre as resistencias das mulleres noutros lugares do mundo.

Para financiar esta acción, a Marcha Mundial das Mulleres

realizou unha campaña de recadación de cartos a través de Internet (crowdfunding), coa que pretendían acadar 12.000 euros, obxectivo que xa conseguiron o 7 de febreiro.

XI ENCONTRO ANUAL DA SECRETARÍA DAS MULLERES DO SINDICATO LABREGO GALEGO

Labregas, semente de futuro

14 e 15 de marzo de 2015 / Illa de San Simón, Redondela

SÁBADO 14 DE MARZO

- 10:30: Apertura.
- 11:30: Mesa de experiencias de mulleres labregas.
- 14:00: Xantar
- 16:00: Visita guiada á Illa de San Simón.
- 17:30: Merenda-café.
- 18:00: Mesa de Sabias.
- 20:00: Presentación da Rede de Sementes.
- 21:40: Intercambio de Sementes
- 22:00: Cea compartida.
- 22:45: Queimada e festa coas compañeiras da Marcha Mundial das Mulleres.



DOMINGO 15 DE MARZO

- 08:30 - 09:30: Almorzo
- 10:00: Obradoiro con Tareixa Ledo: "Nin son máis, nin son menos: son eu" (das relacións de poder, ás relacións do bo trato)
- 14:00: Xantar
- Despedida e saída da Illa de San Simón.

Inscríbete ou infórmate no local do SLG da túa comarca

Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego Galego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de dar comezo á campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos estruturaránse do seguinte xeito:

- ✓ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✓ Historia laboral.
- ✓ Exploración física específica.
- ✓ Estudos complementarios:
- ✓ Control-visión.
- ✓ Tonometría.
- ✓ Probas de funcionalismo pulmonar.
- ✓ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
- ✓ Impedanciometría.
- ✓ Electrocardiograma.
- ✓ Análise clínica:
 - ▶ Bioquímica.
 - ▶ Hematoloxía e fórmula leucocitaria.
 - ▶ Velocidade de sedimentación.
 - ▶ Reacción antibrucela (Rosa de Bengala); no caso de positividade, realízase a seroaglutinación en tubo para Brucela Abortus.
 - ▶ PSA (a homes de 45 ou máis anos de idade).
 - ▶ Análise de ouriños.
- ✓ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico e en función do risco no traballo.
- ✓ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.
- ✓ Recomendacións.

Para mais información e para concretar a participación nos recoñecementos debes dirixirte ao teu local do SLG, onde se formalizará a solicitude e se especificará a documentación que debes achegar.

Actividade
financiada por:



XUNTA
DE GALICIA

Aviso importante!

AXUDAS PAC e AGROAMBIENTAIS

XA PODEDES COMEZAR A TRAMITAR NO SLG A SOLICITUDE DAS AXUDAS DA PAC E AS AGROAMBIENTAIS

O 1 de marzo ábrese o período para tramitar as axudas da PAC e agroambientais. Dado que entramos nunha nova etapa, haberá que responder a novos trámites burocráticos e esixencias que antes non tiñamos, como presentar o NIF das persoas propietarias de cada parcela declarada nas axudas. Por este motivo, aconsellamos dende o SLG que comeceades cos trámites o máis axiña posible, pois desta vez é moi probable que non sexa posible rematar aqueles expedientes que veñan a última hora.

Se queredes tramitar estas axudas a través do Sindicato Labrego Galego, non agardedes e chamade o antes posible á oficina do SLG na vosa comarca para pedir cita e informaros. Tamén tedes unha ficha informativa na páxina 14 deste Fouce, dando conta das principais liñas de axuda.

Devolución das sancións impostas pola Axencia Tributaria a persoas que cobran pensións do estranxeiro

A Axencia Tributaria resolveu devolver as sancións e xuros de demora que se lles cobrou ás persoas ás que lles foi revisada a súa declaración da renda por ter cobrado pensións do estranxeiro.

Se ese é o teu caso, ou tes familiares afectados ou afectadas, dirixete á oficina do SLG da túa comarca para

solicitar máis información. A devolución destes cartos pode solicitarse até o 30 de xuño e, para facer os trámites, é preciso achegar:

1. Fotocopia DNI
2. Anos non que se lle practicou a paralela de Facenda (2008-2009-2010... os que sexan).
3. Certificado do número de conta.

Axudas económicas por ter fillos e fillas menores de 3 anos

Esta prestación consiste nun pagamento único por cada filla ou fillo menor de tres anos sen que a mesma filla ou fillo poida dar lugar a máis dunha prestación en virtude desta convocatoria. A contía será a seguinte:

- Cando sexa a primeira filla ou fillo: 360 euros.
 - Cando sexa a segunda filla ou fillo: 1.200 euros.
 - Cando sexa a terceira ou terceiro e sucesivos: 2.400 euros.
- O prazo remata o **14 de marzo**.

Estudo sobre crioscopia nas granxas en réxime de pastoreo

Todos e todas quen teñades explotacións lácteas en pastoreo, sería interesante que nos pasádeses os datos do código REGA para facilitarllos ao Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (Ligal). O obxectivo é que o Ligal faga un estudo real

de crioscopia, xa que as empresas din que non diferencian as granxas que fan pastoreo das que non o fan, polo que quedamos en pasarlles eses datos de cara a que analicen as diferencias entre o leite das unhas e das outras.

ASESORÍA PARA AS MULLERES DO RURAL.

Infórmate en
calquera oficina do SLG



PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Invernadoiro tipo capela de 500 m2 Prezo:1.000 €
-Chimpín con reixa, arado, fresa e remolque. 1.000 €
-Casa con finca de 5.000 m2 en Cora (A Estrada). 90 m2 por planta, ten 3 plantas. Tamén ten pozo de mina, calefacción, la-reira e outros. Prezo: 180.000 €
☎653 960 162

Véndese

-Casa no casco antigo de As Pontes.
☎646 964 335

Véndese

-Tractor New Holland 7740 con 5.900 horas de uso, pa Tenias B3 e 3 funcións con monomando. Rodas de adiante novas e as de atrás a medio usar.
-Ringleirador de herba MUR de 2 norias e 5,5 metros de ancho, peche hidráulico, suspendido nos brazos.
-Batedor de zurro.
En Paradela (Sarria).
☎686 596 260

Véndese

-Rolos de silo e herba.
☎659 213 085

Véndese

-Vacas preñadas ou paridas.
-Xovenas preñadas ou paridas con carta e control sanitario da AD SG.
-80 rolos encintados de primeiro corte de F4.
En Olas (Mesía).
☎659 927 961

Véndese

por peche de explotación:
-Segadora Bertoline.
-Rotativa.
-Empacadora John Deere modelo 339 E.
-Aboadora completa.
-Emboladora Feraboli FF20
-Estendedor.
-Tractor Ebro 160 E.
-Cisterna de zurro de 3.000 l.
-Remexedor de zurro.
☎650 911 778

Véndese

-Máquina malladora de cereal Campeba. Serve para limpar toda clase de cereais. Zona de Touro
☎981 191 327

Véndese

-Vaca con cría e unha xovenca Rubia Galega marcadas de ACRUGA.
☎689 752 400

Véndese

-Viño do país e augardente. N'A Estrada.
☎986 689 486

Véndese

-Becerro limousín. En Lugo.
☎685 884 257 e 982 207 733

Véndese

-Herba seca en rolos na zona de Lugo.
☎617 564 440

Véndese

-Alpacadora Batlle. Moi bo estado Zona: O Corgo.
☎659 341 116

Véndese

-Remolque para rolos e pacas con basculante. Iso inox, chasis galvanizado. Medidas 5.70 x 2.20 e capacidade para 16 rolos.
☎650 158 948

Véndese

-Rolos de herba seca en Castro de Rei.
☎659 643 489

Véndese

-Cisterna de xurro de 3.000 litros con documentación en Chantada.
☎687 806 352 (Xosé Manuel)

Véndese

-Vacas de leite e xovenas con carta xenealóxica e tódalas garantías sanitarias da AD SG de Mesía.
☎659 927 961

Véndese

-29 vacas de carne e un touro. Por cese de actividade. En Xermade.
☎620 364 344 982 501 074

Véndese

-Pa para tractor Fiat (4 botellas dobre efecto con terceira función).
☎610 362 674

Véndese

-Palas de arrastre con trácter, extractores e paneis de refraxación dunha explotación de collos.
☎678 747 591

Véndese

-Viño do país. En San Miguel da Barcala (A Estrada).
☎986 689 486

Véndese

-Land Rover Freelander.
-Limpadora e muíño de tractor. No Corgo (Lugo).
☎648 718 864

Véndese

-Camión de gando (PMA 3.500 kg) en bo estado.
☎628 579 310

Véndese

-Seat Marbella en bo estado. Zona Betanzos.
☎626 194 490

Véndese

-Rolos de silo e herba seca do 2014. Na comarca do Deza.
☎647 777 498

Véndese

-Cuba de leite (tanque de frío) de 2.300 litros, marca Packo. Trifásica.
-Sala de muxir de 8 puntos marca Fullwood. En Friol (Lugo)
☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

-Vacas bravas do monte.
☎626 442 294

Véndese

-80 Rolos de herba seca. Zona de Baralla
☎630 906 599

Véndese

-Tractor John Deere 2140 con válvula de freo e cabina de protección.
-Tractor John Deere 6200 con dobre tracción, cabina de protección, válvula de freo, 20 marchas e bomba con caudal de 110 litros. Na Limia.
☎660 811 411

Véndese

-Trigo do país pasado pola limpadora.
☎981 694 702 (Xosé) Chamar de 13:00 a 15:00 ou de 20:00 a 22:00 horas.

Véndese

-Pa FAUCHEUX con anclaxes, lista para montar en John Deere serie 40 ou 50 (2040, 2140, 2250, 2450, 2650, 2850). Ten 4 botellas, monomando e cazo.
☎600 688 543

Véndese

-Tractor Ebro 470 con dirección e dobre embrague.
☎667 469 962.

Véndese

-Peugeot 306 1.9 Diesel, en moi bo estado. No Corgo (Lugo).
☎696 097 979 (Toño)

Véndese

-Rolos de silo na zona de Lugo.
☎649 147 614

Véndese

-Noces ecolóxicas en Chantada.
☎657 805 731

Véndese

-Vaca e becerro de raza Rubia Galega. No Corgo (Lugo).
☎689 752 400

Véndese

-Tractor John Deere 2035 en perfecto estado. 72 CV e simple tracción.
-Tractor Renault impecable de 95 CV e dobre tracción. En Abadín (Lugo).
☎606 726 157 / 681 013 529

Véndese

-Ringleirador Vicon de 4 rodas e 4,5 metros.
-Espelidor PZ de 5 metros e 4 tambores.
-Aboadora Vicon de 600 kg.
-Sonsoladores de 5 ganchos con rodillo.
-Cisterna 3500 litros Coruxo con peche hidráulico.
-Autocargador de 28 metros cúbicos e 13 coitelas marca Tato con peche hidráulico.
-Sulfatadora de 400 litros e con 10 metros de ancho marca Fitosa.
-Debulladora de millo.
-Remolque para transportar millo 4.30 x 2.20 x 1.60, con grade para rolos.
-Vacas e xovenas.
Véndese todo por xubilación. en Moar (Frades).
☎981 695 542 / 648 118 865

Véndese

-2 xugos para restaurar en Trazo (A Coruña).
☎646 216 622 (Manola)

Véndese

-Rotoempacadora marca Morra 1200 especial.
☎981 787 679

Véndese

-Máquina automática de semmentar patacas de 2 regos.
-Máquina de cadea para sacar patacas de 2 regos.
-Máquina de selección de patacas con diversas reixas e distintos diámetros.
En Quintanas de Hormiguera (Palencia).
☎607 496 510

Véndese

-Segadora marca Bertolini D.
☎671 857 097

COMPRAS

Búscase

-Invernadoiro de segunda man (800-1.000 m²). Zona Compostela.
☎619 845 371 / 626 356 446

Mércase

-Encintadora arrastrada.
☎639 503 210

Mércase

-Silo usado de penso a partir de 6.000 quilos.
☎689 752 400

Mércase

-Cadeira de montar. En Vila-martin de Valdeorras. Preguntar por Sindo.
☎988 300 030 / 606 672 781

Mércanse

-Beceros de recría de 2 a 6 meses.
☎689 752 400

Mércase

-Invernadoiro de 2ª man.
☎661 333 837 (Alicia)

EMPREGO

Cédese

-Viñedo en plena produción (2.000 m²) n'O Rosal. Albariño 75%, Loureiro e Tinto.
☎667 559 806 (Isabel)

Ofrécese

-Persoa para traballar en explotación gandeira. Técnico Superior en Industrias Agroalimentarias, con experiencia no manexo e muxido de gando de leite. Preferiblemente na provincia da Coruña e a xornada completa.
☎657 206 753 (María). Chamar entre entre 9:30 e 18:30.

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES



016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

A canteira que Cementos Cosmos explota en Vilavella (Triacastela) é todo un exemplo de como a minaría salvaxe destrúe recursos e economías rurais sen achegar ningún beneficio a cambio. Con máis de 30 anos de andaina, dende hai unha década a actividade desta cementeira volveuse máis agresiva, ameazando o medio de vida de centos de persoas. Dentro da oposición aos abusos da mina, a A.C. O Iribio, que preside Marcos Celeiro, desenvolve un intenso traballo de asesoramento e denuncia.

“Cementos Cosmos dá pouco emprego pero afecta medio cento de granxas”

✓ Como é a convivencia coa actividade de Cementos Cosmos en Triacastela?

Ao comezo, o impacto da canteira non era moi grande, xa que desenvolvía a súa actividade nunha área relativamente pequena na que non molestaban demasiada xente. O impacto mudou a partir da burbulla inmobiliaria, cando a actividade mineira aumentou, comezaron a destruír e cortar camiños, deixando moitas familias sen acceso ás fincas. Houbo casos de explotacións gandeiras que tiñan prados a 500 metros e que, trala destrución das vías de acceso, teñen que facer agora 14 quilómetros para acceder a eles.

Logo, en 2005, iniciaron a reclasificación de recursos A para C, o que implica unha concesión mineira con dereitos de expropiación nunha grande área sobre 6 aldeas, vivendas incluídas e comezou unha forte mobilización social, con represalias da empresa aos opositores, con todo tipo de denuncias aos veciños, intimidacións, novas usurpacións, etc.

✓ É moi grande a área afectada pola cementeira?

Cementos Cosmos ten dereitos de explotación e expropiación sobre 11 cuadrículas mineiras¹, que abranguen máis de 300 hectáreas. A zona explotada pola canteira ocupa actualmente aínda menos de 1 cuadrícula. En total, hai aproximadamente medio cento de explotacións agrogandeiras e sobre máis de dúascentas persoas directamente afectadas pola actividade mineira. Fronte a isto, actualmente Cosmos dá traballo a 3 veciños do lugar nesta canteira.

✓ Esta actividade conta con tódalas licenzas e permisos?

Nós entendemos que non. Cementos Cosmos non obtivo a licenza municipal até agosto de 2014. Nós recorrémola, denegáronnos o recurso de reposición no concello, e agora iniciamos un contencioso administrativo. E aínda que a licenza fose legal, nin sequera están a cumprir as condicións impostas pola mesma, motivo polo que se lle interpuxeron varias denuncias.

Tamén ten un expediente sancionador aberto na Confederación Hidrográfica por vertidos e recheos no río Teixido.

Ademais, Cementos Cosmos só tiña autorización para extraer recursos de tipo A, que son áridos, e pasou a recursos C, todo tipo de minerais, privilexios e beneficios fiscais sen ter pasado trámites obrigatorios como realizar un estudo de impacto ambiental ou un concurso público. A pesares de todas estas irregularidades, o anterior Goberno bipartito da Xunta deulle a concesión en 2008 sen facer exposición pública; aínda que a veciñanza alegou, a Xunta resolveu a favor da empresa ocultando a súa decisión, polo que non nos deu oportunidade de recorrer esta resolución.

✓ Por que as autoridades permiten unha actividade sen licenza tan agresiva co entorno e con espazos da máxima protección como o Camiño de Santiago ou a Cova de Eirós?

Estamos a falar dunha grande multinacional, un tipo de empresa que adoita a controlar aos políticos.

Neste caso, Cementos Cosmos pertence ao Grupo Cimpor que, á súa vez, é do conglomerado brasileiro Votorantim.

✓ O último capítulo no historial de abusos de Cementos Cosmos foi a denuncia contra varias persoas por utilizar a auga do río para regar.

É outro dos impactos máis evidentes da actividade de Cementos Cosmos sobre a gandería: os dereitos de uso sobre as augas das fontes que verten no río Teixido, unha concesión da que soubemos hai pouco. Recentemente, comezaron a vir multas que poden ser de até 10.000 euros por regar fincas. Foi a partir destas denuncias que descubrimos a existencia dunha concesión de 20 anos (de 1998 a 2018) a Cementos Cosmos das augas do río Teixido para uso industrial, prevalecendo sobre o uso agrícola ou humano irregularmente.

✓ Hai moita xente afectada?

En total, hai unha vintena de persoas ás que lles chegaron sancións. Aínda que presentamos alegacións e hai xente

que non está disposta a deixar de regar, hai outra que se intimidou e está a abandonar os prados que usaron toda a vida.

✓ Pero é legal que se lle conceda a unha canteira o uso exclusivo dun río?

Eu creo que non, pois o Dereito Civil Galego dálle prioridade sobre esas augas, por usos e costumes, á xente que as utiliza para regar, e non pode ter competencias sobre elas a Confederación Hidrográfica.

✓ Como afecta esta prohibición de regar á base territorial das granxas afectadas?

Estamos a falar de varias hectáreas de prados lameiros de regadío que se aproveitan unhas 30 explotacións. Estas parcelas teñen regadío grazas a un sistema que se nutre dunha vintena de fontes e mananciais. Aínda que non son das mellores fincas por mor da orografía en pendente, dan moitos pastos de herba silvestre cada ano e son moi útiles e produtivas en épocas secas. O feito de que a auga para regar veña de propiedades comunais e privadas, evidencia que ninguén a colle auga do leito do río e non se está a facer ningún desvío de augas. Así se fixo sempre.



¹Cuadrícula mineira: aínda que varía segundo a zona, ocupa unha superficie media de 30 hectáreas.